É preciso lembrar que a historia do Hotel Monumento Mosteiro de San Clodio en Leiro é a historia da impunidade da empresa xestora, Hotusa, que de forma constante e sistemática, tal e como está rexistrado en reclamacións, na hemeroteca, polo Concello de Leiro, por usuarios e usuarias e medios de comunicación, incumpre as condicións de apertura e o acceso ao complexo, catalogado como Ben de Interese Cultural e cunhas obrigas asociadas.

Este conxunto foi declarado xa monumento histórico-artístico por Real Decreto do 8 de maio de 1981 e concreouse posteriormente a delimitación da súa contorna de protección a través do Decreto 24/2001, do 25 de xaneiro, publicado no Diario Oficial de Galiza do 06 de febreiro de 2001, sendo Ben de Interese Cultural.

A finais dos anos 90 a Comunidade Benedictina de Samos acordou a cesión do dereito real de uso, a título gratuito e por tempo indefinido, á Xunta de Galiza para albergar,

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:01
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:01
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presuntamente, instalacións e servizos desta. Finalmente a Xunta de Fraga impulsou distintos concursos para financiar as instalacións dun Hotel, cuestión que se prolongou nos anos e gobernos posteriores até a época máis recente, cando a Xunta financiou un Spa do Viño complementario e tamén fracasado.

Ante o fracaso da xestións, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego solicitou reiteradamente transparencia e a non renovación do período de concesión, xa que en marzo de 2025 remataba por fin a concesión impulsada por Fraga, que tiña unha previsión de vinte e cinco anos e que era prorrogable, por períodos de 5 anos, ata cincuenta anos.

O goberno do Partido Popular, despois de opoñerse á constitución dunha mesa de traballo inter institucional e despois de opoñerse a transparentar e solucionar a situación convocando un novo proceso de concesión, prorrogou inxustificablemente a concesión negando á comarca do Ribeiro cinco anos máis a oportunidade de aproveitar estas instalacións doutra maneira e negando a oportunidade a outras empresas do sector de se presentar.

Así as cousas, inmediatamente despois desta prórroga os problemas non só permanecen, senón que aumentan. É necesario, polo tanto, fiscalizar a actuación da Xunta de Galiza e esixir que cese a súa conivencia cos incumprimentos empresariais e que defenda os intereses da sociedade galega e o seu patrimonio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

Que valoración fai o goberno galego dos incumprimentos do Hotel Monumento Mosteiro de San Clodio en Leiro apenas uns meses despois de favorecer inxustificadamente a prórroga da súa concesión?





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que motivos levaron ao goberno galego á prórroga sen abrir un novo proceso?

Contou esta actuación co consentimento do Concello de Leiro?

Por que o goberno galego non defende neste caso a libre concorrência empresarial?

Como xustifica o goberno galego os incumprimentos sistemáticos da empresa concesionaria?

Considera o goberno galego que fixo un bo uso dos recursos económicos da Comunidade con esta concesión?

Considera o goberno galego que está garantida a custodia patrimonial?

E o acceso suficiente ao BIC?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/01/2026 13:01:17

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2026 13:01:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:01:35
Nº Rexistro: 47729
Data envío: 23/01/2026 13:01:35.457

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:01:35
Nº Rexistro: 47729
Data envío: 23/01/2026 13:01:35.457

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:01:36

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a importancia de coñecer a avaliación do goberno da Xunta do desenvolvemento e aplicación da Lei de patrimonio cultural de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galiza foi aprobada contando unicamente coa maioría absoluta do Partido Popular.

Durante o proceso de tramitación da lei, desde o BNG defendeuse que a proposta do PP, aprobada en solitario, implicaba un retroceso a respecto da anterior, que si fora aprobada por consenso. Ademais, argumentábase o voto en contra porque desgaleguizaba a lexislación galega, desprotexía o patrimonio cultural e representaba unha política de defunción do noso patrimonio cultural.

Transcorridos case 10 anos da aprobación da nova lei compróbase como o patrimonio cultural galego retrocede na súa conservación e protección e como as mudanzas sucesivas en diferentes marcos legais sectoriais foron rebaixando precisamente a súa protección como unha das aristas que sustentan a súa entrega por parte do PP ao espolio eólico, eléctrico e mineiro.

A falta de desenvolvemento progresivo da lei a favor do patrimonio contrasta coa modificación ou anulación desta co consecuente detrimento da conservación e protección do patrimonio cultural galego. Asemade, os orzamentos da Xunta dedicados

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:04
Por Daniel Castro García

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:04
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao patrimonio cultural minguaron sucesivamente afogando a Dirección xeral de patrimonio cultural na dotación de recursos económicos e humanos.

Finalmente, o goberno da Xunta practicou nos últimos anos unha política de deslealdade institucional ao ignorar os informes e estudos dos expertos do Consello da Cultura Galega a respecto da situación de vulnerabilidade do patrimonio cultural galego, unha desprotección que puxo en evidencia a vaga de lumes do pasado mes de agosto.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que avaliación fai o goberno da Xunta do desenvolvemento e aplicación da Lei de patrimonio cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2026 13:04:34

Daniel Castro García na data 23/01/2026 13:04:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:05:06
Nº Rexistro: 47739
Data envío: 23/01/2026 13:05:06.375

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:05:06
Nº Rexistro: 47739
Data envío: 23/01/2026 13:05:06.375

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:05:07

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a obra de restauración da igrexa de San Pedro de Melide.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza vén de facer pública a adxudicación da obra de restauración da igrexa de San Pedro, pertencente ao antigo convento do Sancti Spiritus, en Melide e que persegue corrixir problemas estruturais que veñen de vello.

Esta actuación é claramente necesaria, pois a igrexa e a súa bóveda atópase nun estado extremadamente grave que require actuacións urxentes, así como tamén as requiren as grandes humidades que sofre o templo. Mais neste proxecto de restauración tamén se inclúen outras actuacións que xa non só non son urxentes ou precisas, senón que están incluso a espertar unha grande oposición na vila de Melide.

Este proxecto inclúe tamén traballos de revocado das paredes exteriores da igrexa e posterior caleado de branco. Institucións coma o Museo das Terras de Melide téñense manifestado contrarias a esta intervención, por non teren ningunha base histórica nin artística nesta edificación. Ademais, a pintura branca destas paredes suporá a posteriori un intenso traballo de mantemento para mantelas en bo estado, solucionando repintados, desconchados da pintura, proliferación de liques, etc. sen ficar claro quen será a entidade responsábel dese mantemento.

Desde o BNG, así como desde o propio Museo das Terras de Melide e dunha

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:09
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:09
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gran parte da veciñanza, non compartimos esta actuación e demandamos explicacións e rectificación por parte da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cal é o motivo polo cal o goberno galego propón a obra de revocado e posterior branqueado das paredes exteriores da igrexa de San Pedro de Melide?
- É consciente o goberno galego de que esta actuación non ten fundamento histórico-artístico documentado?
- Considera o goberno galego rectificar e suprimir do proxecto de restauración esta actuación sobre o exterior da igrexa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 23/01/2026 13:09:06

Mercedes Queixas Zas na data 23/01/2026 13:09:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:09:45
Nº Rexistro: 47752
Data envío: 23/01/2026 13:09:45.025

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:09:45
Nº Rexistro: 47752
Data envío: 23/01/2026 13:09:45.025

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:09:45

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 23/01/2026 ás 13:21
Por José Manuel Golp

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a praza de orientación do CEIP Ponzos no concello de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Do mesmo xeito que o conxunto do sistema educativo galego no CEIP Ponzos incrementouse moito o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), aumento que parece ser máis sensíbel naqueles centros pequenos que como o Ponzos son dunha liña.

Malia ser este aumento perfectamente coñecido, motivo de discusión e demandas públicas por parte de moitas comunidades educativas, e mesmo unha das principais razóns do conflito entre a consellería e o profesorado que levou á realización de varias xornadas de folga a principios do presente curso, a posición da Xunta é contraria a mellorar a dotación de persoal de orientación e persoal especialista nos centros de ensino.

A normativa actual da Xunta de Galiza non establece a obriga para os centros de unha liña de contar con unha praza a xornada completa de orientación, e por esta causa son moi habituais os orientadores e orientadoras que teñen que prestar servizos en dous centros diferentes, con todo o que iso implica de sobrecarga administrativa e organizativa do traballo, ademais de dificultar as tarefas propias do seu traballo reducindo a presenza nos centros e polo tanto as interaccións co alumnado e demais profesorado.

Asinado o día 23/01/2026 ás 13:21
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 23/01/2026 ás 13:21
Por Ramón Fernández Alfonzo





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso particular do CEIP Ponzos a praza de orientación está compartida co CEIP de Esteiro, dous centros que suman máis de 400 matrículas, cando o rateo para contar con unha praza completa de orientación non debería pasar de 250.

Por esta razón a dirección do CEIP Ponzos solicitou á inspección educativa contar este curso con unha xornada completa de orientación, solicitude que foi atendida, mais sen trasladarse ao catálogo de persoal do centro dun xeito definitivo, polo que o curso que ven seguirán na mesma situación e terán de novo que solicitar unha medida deseñada como excepcional, e que resulta evidente que debería transformarse para que o centro contara con este persoal a xornada completo dun xeito permanente.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

1. Por que se nega a Xunta de Galiza a aumentar a xornada desa praza dun xeito permanente?
2. Que opinión ten a Xunta de Galiza sobre o aumento de alumnado NEAE nos centros de ensino?
3. Considera a Xunta de Galiza que contamos con recursos abondo para proporcionar a atención que necesitan?
4. En cantos casos os equipos de orientación da Consellaría de Ensino están negando recursos solicitados polos centros de ensino?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 23/01/2026 13:21:00

Cristina Fernández Davila na data 23/01/2026 13:21:25

José Manuel Golpe Acuña na data 23/01/2026 13:21:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:22:17
Nº Rexistro: 47755
Data envío: 23/01/2026 13:22:17.334

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:22:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:22:17
Nº Rexistro: 47755
Data envío: 23/01/2026 13:22:17.334

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Rosana Pérez Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre a demanda de actuacións na Ría do Burgo para a recuperación da actividade marisqueira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mes de decembro, retomouse a actividade marisqueira na Ría do Burgo. O colectivo de mariscadores e mariscadoras lamenta que a cantidade de marisco dispoñíbel na actualidade non é suficiente para permitir a continuidade a longo prazo desta actividade profesional. O feito de que perigue a actividade produtiva resulta de extrema gravidade, tanto no que ten que ver cos aspectos laborais e sociais como polas consecuencias ambientais que isto ten.

A uns meses de que remate o período indicado na documentación da dragaxe da ría para que o marisco sementado baixo ese proxecto poida acadar o talle comercial, a situación xeral da ría, tanto no que ten que ver cos traballos derivados desta obra como en xeral, non é nin moito menos a desexábel para recuperar a súa capacidade produtiva.

O goberno galego é o único competente en materia de marisqueo, polo que debe asumir a súa responsabilidade para garantir o futuro das poucas persoas que manteñen a actividade na Ría do Burgo. Alén disto, é imprescindible que o goberno galego se implique en procurar a continuidade desta actividade a longo prazo, ademais de avanzar no proceso de recuperación ambiental da Ría.

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:31
Por Rosana Pérez Fernández

Asinado o día 23/01/2026 ás
13:31
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A Xunta de Galiza debe facerse cargo de sementar marisco na Ría do Burgo novamente, como único xeito de garantir a continuidade da actividade marisqueira nesta ría, que no seu día fora unha das principais de Galiza e na actualidade non deixa de perder traballadores e traballadoras por falta de marisco.

Outras rías galegas están a sufrir cambios da produción por diferentes motivos, polo que non é posíbel entender que as únicas causas da falta de marisco na Ría do Burgo estean relacionadas coas obras de rexeneración. Aínda que así fose, o goberno galego dispón dos medios técnicos necesarios para levar a cabo os estudos correspondentes que permitan analizar correctamente a situación actual e pór en marcha medidas axeitadas para potenciar a biodiversidade da Ría do Burgo e recuperar súa a produtividade, garantindo o futuro da actividade marisqueira nesta ría, sempre en diálogo e de xeito consensuado co sector.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

- O goberno galego vai asumir a súa responsabilidade no ámbito marisqueiro no que se refire á situación da produtividade marisqueira na Ría do Burgo?
- O goberno galego ten previsto estudar a situación da produción de marisco da Ría do Burgo?
- O goberno galego vai levar a cabo algunha actuación para recuperar a produción de marisco da Ría do Burgo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 23/01/2026 13:31:36

Rosana Pérez Fernández na data 23/01/2026 13:31:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:32:52
Nº Rexistro: 47761
Data envío: 23/01/2026 13:32:52.740

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/01/2026 13:32:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2026 13:32:52
Nº Rexistro: 47761
Data envío: 23/01/2026 13:32:52.740

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 24/01/26
16:08
Por Cristina Fernández

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Cristina Fernández Davila e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a restitución inmediata da segunda liña de 4º de Primaria no CEIP Carrasqueira e a reposición do posto docente suprimido.

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:08
Por Carmela González Iglesias

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional vén de recortar unha liña no curso de 4 de Educación Primaria, incumprindo o establecido na norma. No curso anterior, estes mesmos alumnos cursaban 3º de primaria con 2 liñas de 11 alumnos en cada unha delas, mais neste novo curso 2025-2026 a Xunta vén de acumulalos nunha única liña pasando a contar con 23 alumnos nunha soa aula, xa que aos 22 do ano anterior súmase unha nova incorporación. A isto hai que sumarlle que un dos alumnos ten NEAE cun 33% recoñecido, polo que en total se trata de 24 alumnos computables segundo as propias normas da Consellería.

Esta decisión por parte da Consellería vai en contra do establecido na Resolución de 10 de xaneiro de 2024 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que no seu punto 2.1.2. establece:

2.1.2. Non obstante, aquelas aulas que ao inicio da aplicación progresiva desta redución de ratios teñan entre 20 e 25 alumnos/as, non verán incrementado o seu número de alumnos/as reais en toda a duración do período de aplicación respecto do número real que tivesen no curso anterior.

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:08
Por Alexandra Fernández Gómez





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Unha postura que ven consolidada na Lei 5/2024 de 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas que no seu punto 40 establece:

4. Non verán incrementado o seu número de alumnos/as reais respecto do número real que tivesen no curso anterior en toda a duración do período de aplicación do calendario indicado no número 1 aquelas aulas ás que aínda non lles sexa aplicable a redución de ratios segundo o calendario establecido. Exceptúanse desta regra os casos derivados das necesidades de escolarización de alumnado ou outros supostos apreciados pola Administración educativa.

5. Mentres non se aplica a redución de ratios segundo o calendario establecido no número 1, nas etapas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato non se realizarán supresións de unidades naqueles centros en que, como consecuencia da diminución de alumnado, proceda efectuar unha supresión cos límites vixentes no curso académico correspondente pero non proceda coas ratios de 20 alumnos/as en educación infantil e educación primaria, 25 alumnos/as en educación secundaria obrigatoria e 30 alumnos/as en bacharelato.

Por tanto a Consellería está a inclumpir os seus propios compromisos ao xuntar nunha mesma aula un curso con ratio de 24 alumnos, cando o curso anterior tiñan 2 liñas. Esta decisión demostra ademais a nula vontade da Xunta de camiñar cara unha redución de ratios e reforzo do ensino público, cando ao tempo que fai anuncios as súas decisión van na liña contraria.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Vai a Xunta de Galiza a restituír a segunda liña de 4º de Primaria no CEIP Carrasqueira?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Vai a Xunta repor de forma inmediata o docente suprimido?
- Considera a Xunta de Galiza que se vulnera a lexislación neste caso?
- Con que criterios adoptou esta decisión a Xunta?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 24/01/2026 16:08:22

Carmela González Iglesias na data 24/01/2026 16:08:30

Cristina Fernández Davila na data 24/01/2026 16:08:36

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/01/2026 16:08:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47814
Data envío: 24/01/2026 16:10:03.612

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2026 16:10:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47814
Data envío: 24/01/2026 16:10:03.612

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as medidas para frear a merma da calidade educativa no concello de Moaña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos as políticas aplicadas pola Xunta de Galiza do PP en materia de ensino están a promover un modelo educativo máis desigual, cunha perda de calidade importante e desatendendo a igualdade de oportunidades mediante a aplicación sucesiva de recortes orzamentarios no ensino público. Ao mesmo tempo, o goberno galego continúa incrementando os orzamentos destinados ao ensino privado concertado cun incremento de 13 millóns de euros no 2025 respecto do ano anterior.

Durante o mes de xullo de 2025 a Consellería de Educación tomou de forma unilateral múltiples decisións que profundan na erosión da calidade do ensino público moañés. Así pois, atopámonos con recortes de profesorado en varios centros de ensino.

O CEIP Plurilingüe de Reibón solicitou unha praza de profesorado acreditado para impartir clases de inglés para este curso, porén a Consellería asignoulle media xornada de mestre/a da categoría afíns, o que significa que non ten a especialidade en lingua inglesa. Isto supón que o centro non pode impartir as materias en inglés comprometidas no programa de centros plurilingües.

Esta situación súmase a unha redución constante de persoal nos últimos anos que deixa o equipo docente ao límite con 31 mestres e mestras para atender a un centro con

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:18
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:18
Por Paulo Ríos Santomé





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

330 alumnos e alumnas, e que cada vez contan con máis alumnado con necesidades de apoio específico.

Ademais desta problemática que afecta a docencia plurilingüe en Reibón, varios centros de ensino sofren recortes de profesorado para a atención á diversidade. Isto tradúcese na redución de profesorado de apoio para alumnado con necesidades especiais.

No caso de que se superen as ratios establecidas por aulas, existe un acordo coa Consellería de Educación para dotar de profesorado de apoio nesa aula, acordo que se está a incumprir xa que existen varios centros nos que se superan a ratio de 25 alumnos por contar con alumnado con necesidades especiais e non se lles dota de persoal de apoio, como é o caso do CEIP Quintela, do CEIP P. Reibón e do CEIP Seara. Desta forma, a Consellería de Educación incumpre un compromiso adoptado e, por tanto, nega a atención e apoio á diversidade que moitas crianzas precisan.

A isto hai que engadir outras situacións de perda da calidade na ensinanza pública, como no CEIP Seara que xa contaba co profesorado de AL compartido co CEIP Quintela e agora, ademais, teñen que compartilo coa EEI de Verducedo. A maiores este centro ten o apoio de profesorado en lingua inglesa compartido coa EEI de Verducedo, sendo insuficiente para atender as necesidades do centro, xa que a mestra de inglés asume na actualidade as labores de dirección do mesmo.

Do mesmo xeito na EEI de Verducedo, contan agora con dúas mestras, sendo unha delas a directora do centro que ten que compatibilizar neste curso as labores de mestra e dirección do centro.

A nivel de secundaria, o IES As Barxas no mes de xullo recibiu a comunicación de que se eliminaba unha praza de docente alegando a perda dunha liña de 3º da ESO, aínda que en bacharelato viron aumentada a matrícula respecto ao curso anterior. A eliminación dunha praza redundante na calidade do ensino no centro xa que contan cun docente menos





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

para todo o centro o que suporá un detrimento na atención ao alumnado con necesidades de atención especial, sobre todo, nos primeiros cursos da ESO.

No IES Plurilingüe Paralaia perden tamén unha praza de docente pola eliminación dunha liña de 4º da ESO, ademais da perda dunha praza de profesorado para ensinanzas de persoas adultas, xustificado polos datos de matrícula rexistrados, porén isto ten unha claras consecuencias na atención á diversidade a efectos de dotar de persoal de reforzo nos centros.

Nas etapas de infantil e primaria estase constatando nos últimos dous anos que se está a contratar profesorado en precario a través do financiamento de fondos europeos como MEGA ou PROA+. Para isto a Consellería de Educación non realiza ningún desenvolvemento económico para dotar de máis persoal docente, polo que o número de profesorado é igual que nos últimos catro anos.

En definitiva, estase a producir un aumento das medias xornadas de profesorado e un aumento das itinerancias entre centros que comparten profesorado, así como aumento do recurso a categoría de profesorado afín para a impartición de materias específicas.

A todo isto hai que engadir que non se cumpren os compromisos adquiridos por Educación en relación aos ratios do alumnado e que a redución de horas lectivas do profesorado non vai acompañada de dotación de persoal necesario que poida dedicarse ao desenvolvemento de proxectos do centro, moitos deles impulsados pola Xunta de Galiza, realización de titorías ou reunións, situación que interfere de forma moi negativa no brillante traballo dos centros educativos de Moaña.

Todas estas decisións, que condicionan a calidade do ensino público moaños, responden a unha visión economicista do ensino. Están, ademais, baseadas en datos numéricos puntuais (número de alumnado matriculado no curso) e non teñen en conta as necesidades de atención á diversidade do alumnado dos mesmos.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Unha vez máis a decisión de supresión é unilateral, extemporánea e precipitada. Foi comunicada no mes de xullo cando xa rematou o período de matrícula e a comunidade educativa se atopa de vacacións. Se se tivese coñecemento da mesma durante o curso poderíanse ter buscado solucións consensuadas coa comunidade educativa. E cabe engadir que moitos dos centros afectados estiveron neste período sen inspector asignado polo que a comunicación coa Consellería de Educación para trasladar as demandas dos centros viuse mermada, xerando maior desinformación.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o estado actual, o número de profesionais e a atención que están a recibir os alumnos e alumnas dos diferentes centros de ensino no Concello de Moaña?

. É prioritaria, para a Xunta de Galiza, a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais?

. Estase atendendo den xeito correcto as necesidades especiais e a diversidade nas aulas nos centros de ensino no Concello de Moaña?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 24/01/2026 16:18:35

Cristina Fernández Davila na data 24/01/2026 16:18:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47815
Data envío: 24/01/2026 16:18:52.633

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2026 16:18:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47815
Data envío: 24/01/2026 16:18:52.633

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a presenza da lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza, existen 11 Escolas Oficiais de Idiomas, ademais das súas 30 seccións (A Coruña (seccións de Arteixo, Carballo, Cee, Culleredo e Melide), Ferrol (seccións das Pontes e Cedeira), Santiago de Compostela (seccións de Negreira, Noia, Ordes, Ribeira e Santiago (IES do Sar)), Lugo (sección de Sarria), Monforte de Lemos, Ribadeo, Viveiro (sección de Burela) Ourense (seccións da Ponte, Celanova, O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Ribadavia e Verín), Pontevedra (A Estrada, Lalín e Pontevedra (IES Valle-Inclán)), Vigo (seccións de Cangas, Coia, Nigrán, Pontearreas, Redondela e Tui) e Vilagarcía de Arousa) que dependen delas. Só contan con oferta de lingua galega as escolas da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, e Vilagarcía de Arousa.

As necesidades da poboación en relación coa oferta formativa de lingua galega non poden compararse coas outras linguas que se ofertan nas Escolas Oficiais de Idiomas. Como moito, co español para estranxeiros, e nese caso é unha lingua que ten unhas condicións moito máis favorábeis para a poboación estranxeira. Concretamente, a matrícula para os cursos de español para estranxeiros está aberta até o mes de xaneiro e son de carácter gratuíto para aquelas persoas que contan coa condición de refuxiada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As persoas que demandan formación en lingua galega son, maioritariamente, persoas galegas que precisan mellorar o seu galego formal porque non tiveron acceso a el durante os seus estudos (sexo por idade ou por outros motivos), mais que teñen uns coñecementos previos do idioma, e persoas procedentes doutros territorios, principalmente. O perfil deste último grupo de persoas é moi diverso: tanto persoas con estudos superiores que desexan acceder a postos na función pública como persoas que traballan en sectores máis precarizados, coa vontade de melloraren a súa situación laboral.

O deber da administración galega é facilitar a aprendizaxe de lingua galega a todas as persoas que queiran acceder a ela, e o formato da formación das Escolas Oficiais de Idiomas ten certas limitacións para as persoas traballadoras, que poden resolverse ou suavizarse facilmente. Por exemplo, aumentando os prazos de matrícula para facilitar a incorporación do alumnado en calquera momento do curso ou ampliando a oferta formativa con máis dispoñibilidade de horarios diferentes. As persoas que precisan aprender a lingua galega por motivos laborais precisan todas as facilidades. Unha posibilidade é incluír a modalidade semipresencial, que xa existe para outras linguas que se imparten nas EOI galegas.

Alén disto, o profesorado de lingua galega das Escolas Oficiais de Idiomas imparte, ademais das ensinanzas propias, unha parte dos cursos preparatorios para a obtención dos diferentes certificados CELGA e os cursos de linguaxe administrativa. Isto fai que sexa preciso contar cun equipo profesional máis amplo para poder atender tanto esta formación como as ensinanzas de lingua galega das propias de cada EOI.

O Secretario Xeral da Lingua afirmou, tras analizar os datos do último estudo do Instituto Galego de Estatística en relación co coñecemento e o uso da lingua galega, considerar que unha parte importante do descenso do número de falantes que recolle o estudo se debe á chegada de persoas de fóra. Polo tanto, se o goberno galego entende





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as persoas chegadas de fóra de Galiza apenas falan a nosa lingua, deberá actuar con todas as súas atribucións para tentar revertir esta situación, tanto a través de formación como de medidas de divulgación e de publicidade en positivo para conseguir que a lingua galega resulte atractiva para elas, tanto como elemento de integración como no que se refire ao mercado laboral, ademais de medio de entrada para a nosa cultura e todas as culturas lusófonas.

Outra ferramenta imprescindible en relación coa lingua galega para as persoas chegadas de fóra son os certificados CELGA. Na actualidade, a cantidade e variedade de datas dos cursos preparatorios para a obtención destes certificados oficiais é moi limitada, polo que a súa utilidade real tamén acaba por selo. Moitas persoas precisan estes certificados por motivos laborais, polo que facilitar e simplificar a súa obtención debería ser unha prioridade para o goberno galego. Os cursos preparatorios non só se imparten nas Escolas Oficiais de Idiomas, mais a transparencia no que se refire ás listaxes de contratación para o resto de cursos, xestionados pola propia administración, é bastante limitada.

Alén diso, os cursos preparatorios para o CELGA que se ofertan nas EOI non encaixan nos tempos nin da propia EOI nin do alumnado. As convocatorias para inscribirse nos cursos presenciais EOI saen en maio, o curso (de 60 horas) comeza en setembro, e os exames son en novembro. A cuestión é que nas EOI non hai tempo material de rematar o curso antes do exame.

A modalidade virtual (que anunciou o Conselleiro da Lingua no Pleno do Parlamento, mais que xa existe) non supón un avance no que se refire á dispoñibilidade, xa que a calidade destes cursos non é, en absoluto, suficiente, o que en realidade complica máis o acceso aos cursos e aos certificados.

Por outra banda, os materiais están desactualizados: os libros Aula de Galego, que tamén están dispoñíbeis na web, son do ano 2008, e non foron actualizados acorde



aos cambios no Marco Europeo de Referencia para as Linguas, tampouco de acordo cos cambios dos Decretos de Ensinanzas de EOI. Esta falta de materiais actualizados afecta as Escolas Oficiais de Idiomas e os cursos CELGA.

A formación é a única ferramenta que pode dar ás persoas que veñen de fóra os coñecementos para teren a capacidade de usar a lingua galega. Por iso, é fundamental reforzar a presenza da lingua galega nas escolas oficiais de idiomas (reforzar nas EOI nas que está implantada, e garántila en todas as seccións, ou cando menos, naquelas comarcas nas que a porcentaxe de persoas chegadas de fóra de Galiza sexa maior), tanto a formación preparatoria dos cursos CELGA como a ordinaria propia das EOI, que corresponde aos niveis do Marco Europeo; ampliar o corpo de profesorado de lingua galega nas EOI, reforzando todos os departamentos e tendo en conta, especialmente, aquelas escolas nas que a demanda sexa maior; mellorar a oferta dos cursos CELGA e adaptalos á realidade, tanto das EOI como das necesidades da cidadanía.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Como valora o goberno galego a oferta da lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas e, en xeral, para as persoas procedentes de fóra de Galiza?
- O goberno galego coñece a demanda de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas?
- Estudou nalgunha ocasión a demanda de formación en lingua galega fóra das principais cidades?
- Ten previsto o goberno galego mellorar a oferta de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego aumentar o número de profesores e profesoras de lingua galega asignados a Escolas Oficiais de Idiomas?
- Ten previsto o goberno galego incluír a modalidade semipresencial na oferta de lingua galega nas Escolas Oficiais de Idiomas?
- Que outras medidas prevé o goberno galego para facilitar a aprendizaxe de lingua galega ás persoas procedentes de fóra de Galiza?
- Como valora o goberno galego a dispoñibilidade e facilidade de acceso aos cursos preparatorios e exames dos diferentes certificados CELGA?
- Como valora o goberno galego a calidade da formación virtual destinada á preparación para obtención dos certificados CELGA?
- Ten previsto o goberno galego levar a cabo algunha medida para mellorar a calidade, acceso e dispoñibilidade dos cursos preparatorios para a obtención dos certificados CELGA?
- Quen conforma o corpo de persoal que está a impartir os cursos destinados á obtención dos diferentes certificados CELGA, e cal é a súa situación actual?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 24/01/2026 16:21:25

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2026 16:21:31

Daniel Castro García na data 24/01/2026 16:21:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47816
Data envío: 24/01/2026 16:22:01.259

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2026 16:22:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47816
Data envío: 24/01/2026 16:22:01.259

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o compromiso coa comunidade educativa do CPI Castro Baxoi de Miño (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno celebrado o 9 de outubro de 2024, o grupo parlamentario do BNG trasladámoslle ao Conselleiro de Educación, Román Rodríguez, a seguinte pregunta: vai comprometer o goberno da Xunta nos orzamentos de 2025 a partida necesaria para resolver as importantes deficiencias que presenta o CPI Castro Baxoi de Miño?

Preguntabamos, en definitiva, polo incumprimento dos compromisos acadados pola propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, cando o Secretario Xeral Técnico da Consellería, Manuel Vila, afirmaba no mes de xullo de 2023 que “por parte da unidade técnica si que se está analizando os problemas que dá esa cuberta do patio. Polo tanto, imos facer algunha actuación de mellora nesa cuberta. A unidade técnica adoptará este verán as melloras que precise.”

Porén, desde aquela data non se acometeu ningunha intervención, nin no verán de 2023 nin no de 2024, desaproveitando dous períodos non lectivos nos que este tipo de obras poden executarse sen interferir na actividade académica. A maiores, tampouco se anunciou até o momento ningunha actuación futura nin se informou sobre os resultados desas análises técnicas realizadas.

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:24
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:24
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Volvendo ao pleno do 9 de outubro de 2024, a inconcreción do conselleiro na súa resposta traduciuse na inexistencia de partida orzamentaria para 2025, que o tempo volveu confirmar no inicio deste novo curso académico 2025-2026 en que este centro segue coas mesmas problemáticas na súa infraestrutura, nomeadamente a respecto do comprometido e adiado arranxo da cuberta do patio que segue a provocar importantes problemas no conxunto do centro educativo.

A cuberta do patio é unha infraestrutura básica para o desenvolvemento das actividades educativas e de lecer do alumnado, especialmente nos días de choiva, por iso a comunidade educativa do CPI Castro Baxoi non entende que a Xunta deixase pasar outro período vacacional estival sen cumprir a súa palabra resolvendo os graves problemas da cuberta do patio. Toda unha falta de respecto á veciñanza de Miño.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Cando vai executar a Xunta as obras comprometidas de arranxo da cuberta do patio do CPI Castro Baxoi de Miño?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 24/01/2026 16:24:13

Cristina Fernández Davila na data 24/01/2026 16:24:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47817
Data envío: 24/01/2026 16:24:31.724

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47817
Data envío: 24/01/2026 16:24:31.724

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2026 16:24:32

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a situación nos centros de ensino do concello do Saviñao.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello no Saviñao conta no seu termo municipal con dous centros de ensino: O centro público integrado Dr. López Suárez e o colexio público de Currelos. Ambos ofrecen, como é evidente, un servizo público esencial e fundamental para a veciñanza deste concello do sur de Lugo e deben ser tratados con dignidade por parte da Xunta de Galiza, máis aínda ao termos en conta a realidade demográfica do municipio e da comarca á que pertence.

Desde o Grupo Parlamentar do BNG non podemos deixar de denunciar a situación que se encontran ambos estes centros. Os dous presentan eivas evidentes e constatábeis en varios ámbitos, polo que reclamamos a actuación urxente do Executivo galego, en concreto da Consellaría de Educación para corrixir estes problemas cantos antes e ofrecer un servizo adecuado á poboación afectada.

A falta de docentes é unha constante. No caso do CPI Dr. López Suárez nin sequera se cubriu unha praza dunha docente que infelizmente faleceu. Un caso que evidencia o desleixo e tratamento inapropiado con estes centros de quen ten as competencias exclusivas en educación no noso país. Ademais, segundo puido saber este Grupo Parlamentar, as e os profesionais dos centros encóntranse sobrepasadas de carga de traballo, algo que redunda negativamente na calidade educativa que se ofrece á rapazada,

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:26
Por Cristina Fernández Davila

Asinado o día 24/01/2026 ás
16:26
Por Iago Suárez Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

non por culpa do cadro de persoal que dá o mellor de si cada día do curso académico, senón pola deixadez do Goberno galego nesta materia.

Exiximos por tanto á Consellaría que actúe á maior celeridade posíbel e que non deixe no desleixo a estes dous centros.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Coñece o Goberno galego a situación do centro Dr. López Suárez e do centro de Currelos no concello do Saviñao?
- É consciente das eivas evidentes e constatadas que ambos os centros presentan?
- Ten pensado actuar dalgunha maneira o Executivo galego para solucionar estes problemas?
- En caso afirmativo, cando e de que forma?
- Que resposta da a Xunta de Galiza ás familias e cadro de persoal dos dous centros que veñen trasladando os problemas que se evidencian cada curso?
- Considera o goberno galego que está a tratar de maneira digna e xusta estes dous centros?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 24/01/2026 16:26:33

Cristina Fernández Davila na data 24/01/2026 16:26:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47818
Data envío: 24/01/2026 16:26:59.723

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/01/2026 16:27:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47818
Data envío: 24/01/2026 16:26:59.723

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47820
Data envío: 24/01/2026 16:30:49.728

Asinado o día 24/01/26
16:30
Por Ariadna Fernández

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas e Ariadna Fernández González, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a urxencia da sinatura do acordo de libre comercio UE-MERCOSUR.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de agosto de 2025, en Seadur no concello de Larouco, produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou preto de 40.000 hectáreas.

Este incendio, o mais grandes da historia de Galiza arrasou terras de Larouco, O Bolo, Petín, A Rúa, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda, O Barco, Rubiá, A Veiga, Quiroga e terras limítrofes da Castela León

Asinado o día 25/01/2026 ás
15:17
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:17
Por Secundino Fernández
Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O servizo de extinción non estaba en alerta nin preparado de feito parece que se converteu en realidade o que auguraba o propio DX de defensa do monte pois no parlamento na súa comparecencia comentou textualmente: “os lumes se desprazaban a finais de agosto setembro” e parece que en base a esa apreciación e a esa posición actuou a consellería do medio rural. Exemplo témolo dándolles vacacións a unha boa parte dos traballadores ou con motobombas non operativas ou nos talleres

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal foi a causa do incendio de grandes proporcións de Larouco segundo a Xunta de Galiza?
- Cando comezou e cando rematou dito incendio?
- Cal foi o tempo de activación do dispositivo do SPIF unha vez coñecido o incendio e os medios tanto terrestres como aéreos que se enviaron a dito incendio nese momento inicial?
- Que explicación ten a Xunta de Galiza para que este foco inicial derivara nun incendio de proporcións xigantescas que o converteron no mais grande da historia de Galiza?
- Cantos medios humanos (nº de brigadas, persoas por brigada e función de cada persoa, persoal que traballa coas motobombas e nº de motobombas activas, persoal que traballa nos medios aéreos, axentes forestais, técnicos e demais persoal técnico) medios materiais (vehículos de traslado de brigadas, motobombas, medios de loita contra incendios dende terra, medios aéreos nº e clase de medios) actuaron neste grave incendio?
- Por que a Xunta de Galiza se negou a apagar a parte deste incendio forestal que chegou ao vertedoiro da Rúa?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Por que o sr Rueda fixo caso omiso as demandas do concello da Rúa para apagar este incendio no vertedoiro da Rúa que podía traer problemas para a saúde da poboación da contorna?
- Canto calcula a Xunta de Galiza o custe de extinción do incendio de Larouco-Valdeorras?
- En canto calcula a Xunta de Galiza os danos producidos por este grave incendio?
- Parécelle a Xunta de Galiza adecuada as súas políticas para o rural que levaron a este incendio de proporcións nunca vistas na Galiza?
- Considera o presidente da Xunta, a conselleira e o restos de responsábeis políticos que deben dimitir pola negligente actuación en relación a este incendio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:17:27

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:17:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47860
Data envío: 25/01/2026 15:17:54.667

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:17:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47860
Data envío: 25/01/2026 15:17:54.667

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o catastrófico incendio da Mezquita e as graves consecuencias económicas sociais e ambientais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso País.

Os graves incendios que levaron a esta catástrofe sen precedentes no noso País orixináronse nus poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais. Nin tan sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola neglixencia da Xunta do PP.

No mes de agosto de 2025, no concello da Mezquita, produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou máis de 10.000 hectáreas.

Este incendio arrasou terras da Mezquita, A Gudiña e Viana do Bolo e tamén afectou a zona de Seabra.

Asinado o día 25/01/2026 ás
15:21
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:21
Por Secundino Fernández
Fernández





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O servizo de extinción non estaba en alerta nin preparado de feito parece que se converteu en realidade o que auguraba o propio DX de defensa do monte pois no parlamento na súa comparecencia comentou textualmente: “os lumes se desprazaban a finais de agosto setembro” e parece que en base a esa apreciación e a esa posición actuou a consellería do medio rural. Exemplo témolo dándolles vacacións a unha boa parte dos traballadores ou con motobombas non operativas ou nos talleres.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal foi a causa do incendio da Mezquita segundo a Xunta de Galiza?
- Cando comezou e cando rematou dito incendio?
- Cal foi o tempo de activación do dispositivo do SPIF unha vez coñecido o incendio e os medios tanto terrestres como aéreos que se enviaron a dito incendio nese momento inicial?
- Que explicación ten a Xunta de Galiza para que este foco inicial derivara nun incendio de grandes proporcións?
- Cantos medios humanos (nº de brigadas, persoas por brigada e función de cada persoa, persoal que traballa coas motobombas e nº de motobombas activas, persoal que traballa nos medios aéreos, axentes forestais, técnicos e demais persoal técnico) medios materiais (vehículos de traslado de brigadas, motobombas, medios de loita contra incendios dende terra, medios aéreos nº e clase de medios) actuaron neste grave incendio?
- Canto calcula a Xunta de Galiza o custe de extinción do incendio da Mezquita?
- En canto calcula a Xunta de Galiza os danos producidos por este grave incendio?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Parécelle a Xunta de Galiza adecuada as súas políticas para o rural que levaron a este incendio?
- Considera o presidente da Xunta, a conselleira e o restos de responsábeis políticos que deben dimitir pola negligente actuación en relación a este incendio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:21:17

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:21:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47861
Data envío: 25/01/2026 15:21:33.112

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:21:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47861
Data envío: 25/01/2026 15:21:33.112

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:23
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o catastrófico incendio do Macizo Central e as graves consecuencias económicas sociais e ambientais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e de inutilidade dos dirixentes do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Os graves incendios que levaron a esta catástrofe sen precedentes no noso País orixináronse nos poucos focos que non foron quen de apagar nos momentos iniciais. Nin tan sequera foron todos ao mesmo tempo. Uns lumes iniciais que se converteron nunha catástrofe pola negligencia da Xunta do PP.

No mes de agosto de 2025 produciuse un incendio forestal que debido a nula resposta da Xunta de Galiza ante as lapas iniciais derivou nun incendio de grandes dimensións que afectou gravemente ao ecosistema local e á seguridade das persoas. Un lume que provocou un desastre de grandes proporcións, causando graves danos económicos, sociais e ambientais e que arrasou máis de 30.000 hectáreas.

Este incendio, un dos mais grandes da historia de Galiza arrasou terras de Maceda, Montederramo, Chandrexa de Queixa, Vilar de Barrio, Manzaneda, Laza, Vilariño de Conso, Viana do Bolo e Pobra de Trives.

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:23
Por Noa Presas Bergantiños

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:23
Por Secundino Fernández



O servizo de extinción non estaba en alerta nin preparado de feito parece que se converteu en realidade o que auguraba o propio DX de defensa do monte pois no parlamento na súa comparecencia comentou textualmente: “os lumes se desprazaban a finais de agosto setembro” e parece que en base a esa apreciación e a esa posición actuou a consellería do medio rural. Exemplo témolo dándolles vacacións a unha boa parte dos traballadores ou con motobombas non operativas ou nos talleres.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Cal foi a causa do incendio de grandes proporcións no Macizo Central segundo a Xunta de Galiza?
- Cando comezou e cando rematou dito incendio?
- Cal foi o tempo de activación do dispositivo do SPIF unha vez coñecido o incendio e os medios tanto terrestres como aéreos que se enviaron a dito incendio nese momento inicial?
- Que explicación ten a Xunta de Galiza para que estes focos iniciais derivaran nun incendio de proporcións xigantescas que o converteron nun dos mais grandes da historia de Galiza?
- Cantos medios humanos (nº de brigadas, persoas por brigada e función de cada persoa, persoal que traballa coas motobombas e nº de motobombas activas, persoal que traballa nos medios aéreos, axentes forestais, técnicos e demais persoal técnico) medios materiais (vehículos de traslado de brigadas, motobombas, medios de loita contra





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incendios dende terra, medios aéreos nº e clase de medios) actuaron neste grave incendio?

- Canto calcula a Xunta de Galiza o custe de extinción do incendio do Macizo Central?

- En canto calcula a Xunta de Galiza os danos producidos por este grave incendio?

- Parécelle a Xunta de Galiza adecuada as súas políticas para o rural que levaron a este incendio de proporcións nunca vistas na Galiza?

- Considera o presidente da Xunta, a conselleira e o restos de responsábeis políticos que deben dimitir pola negligente actuación en relación a este incendio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:23:07

Noa Presas Bergantiños na data 25/01/2026 15:23:14

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:23:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47862
Data envío: 25/01/2026 15:23:29.890

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:23:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47862
Data envío: 25/01/2026 15:23:29.890

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as axudas da PAC e o pastoreo en terreos queimados das explotacións agrarias afectadas pola vaga de lumes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste verán, sobre todo no mes de agosto prodúcese unha vaga de incendios forestais que provocan os incendios mais grandes da historia deste país. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza e de ineptitude do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas en Galiza.

A gravidade veu provocada polos grandes lumes que queimaron máis de 150.000 has, segundo os datos de Copernicus, arrasando ao seu paso monte arborado, mato, pastos, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras incluso animais e forraxes, explotacións apícolas, infraestruturas públicas, industrias e o que é máis grave aldeas e vivendas e deixando tamén persoas feridas.

Os problemas causados por esta vaga de lumes as explotacións agrogandeiras afectadas son múltiples e variados, o que lles fai perigar a súa subsistencia. As mulleres e homes que teñen explotacións agrarias nas zonas afectadas afrontan as graves consecuencias que fan perigar a viabilidade desta actividade tan necesaria para o mantemento e supervivencia da poboación nas comarcas afectadas.



Dentro destes problemas temos a posibilidade pastoreo nas zonas queimadas; que segundo a lexislación vixente quedaría prohibido. Esta medida faría imposíbel a permanencia das explotacións de gando extensivo nas zonas afectadas.

Outra actuación que implica un grave perigo para a viabilidade económica das explotacións agropecuarias é a imposibilidade de cobrar axudas da PAC, tanto das financiadas polo FEAGA como polo FEADER con cofinanciación da Xunta e o estado, polas superficies queimadas. Esta situación das superficies arrasadas polos lumes en relación as axudas financiadas ou cofinanciadas pola UE incluso podería obrigar a devolución de cantidades por que os terreos foron arrasados polo lume. O mesmo pasa cos titulares de montes que recibiron axudas no tocante a forestación

Para o BNG nestes momento é imprescindible asegurar o futuro das explotacións agrarias e por suposto que as mulleres e homes que desenvolven a actividade agrogandeira e forestal non se vexan prexudicadas por unha vaga de lumes que arrasou as súas explotacións ou montes

Dende o BNG pensamos que a Xunta de Galiza ten que por todos os medios para que o sector agrogandeiro e forestal siga no noso rural e non sufran as consecuencias destes graves incendios dunha forma definitiva que os leven a abandonar as zonas queimadas

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Coñece a Xunta de Galiza os graves problemas aos que se enfrontan as explotacións agrogandeiras e forestais das zonas afectadas pola vaga de lumes?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Analizou a Xunta de Galiza os graves problemas relacionados coa PAC aos que se enfrontan as explotacións agrogandeiras das zonas afectadas pola vaga de lumes?
- Vai a Xunta de Galiza arbitrar solucións para que as explotacións agrogandeiras afectadas pola vaga de lumes podan seguir cobrando as axudas da PAC e as de desenvolvemento rural?
- Coñece a Xunta de Galiza os graves problemas que teñen as explotacións gandeiras das zonas afectadas pola vaga de lumes en relación aos pastos que utilizan nas súas explotacións?
- Ten previsto a Xunta de Galiza autorizar o pastoreo nos montes queimados?
- Coñece a Xunta de Galiza si os propietarios forestais que recibiron axudas para os seus montes e que foron afectados pola vaga de incendios forestais van sufrir algunha penalización económica respecto as axudas recibidas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:25:20

Sonia Vidal Lamas na data 25/01/2026 15:25:28

Ariadna Fernández González na data 25/01/2026 15:25:38

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:25:44



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47863
Data envío: 25/01/2026 15:25:56.661

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:25:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47863
Data envío: 25/01/2026 15:25:56.661

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 25/01/26
15:28
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Secundino Fernández Fernández e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a recuperación dos terreos ocupados pola Consellaría do Medio Rural na Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado ano 2022 o grupo parlamentar do BNG promoveu un conxunto de iniciativas nas que instaba á Xunta a trasladar as instalacións situadas no ENIL da Xunqueira do río Alba ou da Gándara (Pontevedra), en dominio público marítimo terrestre e con concesións caducadas.

Estas propostas camiñaban en paralelo co proceso iniciado pola Deputación Provincial, que aprobou e levou a cabo o proxecto de demolición da imprenta provincial e o traslado ao polígono de Barro do parque de maquinaria, o que permitiu gañar no ano 2024 unha zona verde de 17.700 m2.

En resposta a unha pregunta parlamentar do BNG, a Consellaría do Medio Rural anunciou en 2022 o traslado das instalacións que ocupa na Xunqueira do Alba sobre un predio de 8.700 metros cadrados que funcionaba como centro loxístico, taller e base para o servizo de bombeiros forestais.

O plan de Medio Rural pasaba por trasladar o centro loxístico ao polígono de Botos, en Lalín, a unha nave de nova construción que contaba con un orzamento de 1,3 millóns de euros. No que respecta á base dos bombeiros forestais a previsión era o traslado ao polígono do Campiño, a unha parcela cedida polo Concello.

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:28
Por Secundino Fernández
Fernández

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:28
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Naquela altura, o director de Defensa do Monte manifestou que "O obxectivo é ter o proxecto de demolición e rexeneración en 2023 para deixar os terreos libres e rexenerados na medida do posible".

A día de hoxe, transcorridos tres anos desde o primeiro anuncio do traslado, o predio en cuestión segue ocupado por instalacións, maquinaria e vehículos da consellaría e non hai ningunha nova sobre a recuperación deses terreos situados no dominio público e incluídos no espazo natural de interese local da Xunqueira do Alba.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Ten previsto a Consellaría do Medio Rural dismantelar as instalacións e recuperar os terreos que ocupa en zona de dominio público marítimo terrestre na Xunqueira do Alba?

Fixo a Xunta algunha previsión temporal e orzamentaria para a recuperación destes terreos?

Considera o goberno galego que constitúe un bo exemplo a situación actual destes terreos, encravados en dominio público marítimo terrestre e no ámbito dun ENIL?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/01/2026 15:28:18

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:28:31

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:28:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47864
Data envío: 25/01/2026 15:28:49.362

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:28:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47864
Data envío: 25/01/2026 15:28:49.362

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre a situación da sanidade vexetal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 43/2002 establece que é responsabilidade da administración pública previr, controlar e indemnizar fronte a pragas vexetais. Sen embargo, obsérvase desde hai anos unha tendencia da Xunta a trasladar esa carga aos sistemas privados (seguros agrarios), deixando ás labregas galegas case sen respaldo público efectivo.

Na comparecencia do 10/10/2025, o director xeral afirmou que a Consellería destina máis de 21 millóns de euros ao período 2022-2026 para sanidade vexetal. Tamén aludiu ao incremento das subvencións aos seguros agrarios (9,5 millóns en 2025).

Con todo, non se acompañou esa exposición con datos de execución concreta, informes de resultados, casos científicos verificados nin transparencia en desagregacións comarcais.

O director xeral recoñeceu que as pragas actuais en Galiza inclúen a couza guatemalteca da pataca, nematodo do piñeiro, flavesencia dourada, psila africana de cítricos e rata toupá.

A pesar das medidas obrigatorias que poden existir (trámites de destrución, obrigacións, zonas demarcadas), persiste a preocupación de que a capacidade de inspección, de vixilancia e de intervención real non siga o ritmo das pragas.



A política de fomentar o aseguramento do agro (incremento das subvencións ás primas de seguros) é presentada pola Xunta como unha solución, pero non pode substituír o deber público de intervención e compensación nos casos en que o seguro non alcance.

Moitas labregas non teñen cobertura, ou as pólizas non cobren pragas novas ou excepcionais — quedando sen protección real.

O desequilibrio entre os recursos privados e a débil intervención pública reforza un modelo de abandono do rural.

Non existe un inventario accesible público de proxectos de investigación en sanidade vexetal, nin memoria anual detallada que mostre investimento, resultados e transferencia ao campo. Sen esa columna vertebral científica, as medidas administrativas perden sostén técnico e adaptabilidade ás novas pragas.

A cidadanía, as labregas e os colectivos agrarios teñen dereito a coñecer os orzamentos reais, as execucións, os casos resoltos e os indicadores de eficacia.

Sen iso, as medidas quedan na esfera do discurso, sen impacto verificable.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Deses 21 millóns que anunciaron para sanidade vexetal, que parte vai destinada a investigación fitosanitaria galega e transfers ao campo?
2. Cantos técnicos e inspectores hai actualmente adscritos ao servizo de sanidade vexetal por comarca? Está esa cifra garantida por concurso ou catálogo estable?
3. Cantos laboratorios funcionais están operando para diagnóstico vexetal en Galiza, e en que nivel de capacidade?



4. Sobre flavescencia dourada: que orzamento específico se asignou para o decreto de utilidade pública? Hai partidas concretas?

5. Como fiscaliza a Xunta o cumprimento dos tratamentos obrigatorios nos viñedos? Que sancións existen e en cantos casos se aplicaron neste mandato?

6. Hai un plan especial para as parcelas abandonadas que actúan como focos de praga? En caso afirmativo, cando e con que medios actuarán?

7. Sobre coordinación transfronteiriza: que convenios existen con Portugal ou con outras CCAA contra pragas comúns? Que medidas concretas de control conxunto se aplican?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 25/01/2026 15:30:53

Ariadna Fernández González na data 25/01/2026 15:30:58

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:31:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47865
Data envío: 25/01/2026 15:31:14.681

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:31:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47865
Data envío: 25/01/2026 15:31:14.681

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 25/01/2026
Por Secundino Fernández
Fernández

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o Plan Apícola de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade e tradición que se mesturan no mel galego son a base de que o noso produto, amplamente premiado dentro e fóra das nosas fronteiras, teña un grande recoñecemento por parte dos consumidores, ao igual que os nosos apicultores e apicultoras, que favorecen o desenvolvemento rural e loitan contra o abandono do noso territorio coas súas explotacións.

Máis, tanto as colmeas e apiarios coma os seus propietarios/as, sofren na actualidade os efectos negativos do cambio climático, as pragas e enfermidades e, este ano, nalgúns casos, tamén os efectos do lume, que constitúen un marco produtivo moi variable dun ano a outro, con contrastes entre distintas zonas do territorio galego e grandes irregularidades derivadas destes factores. Todo iso constitúe unha complicación engadida á hora de continuar coa actividade destas explotacións, situación que se evidencia a pouco que se revisen os datos dos últimos anos.

Malia que nunha primeira análise das cifras parece que o sector está vivindo un avance positivo, o que vemos se nos fixamos pormenorizadamente é que esa afirmación non se sostén. Nos últimos 10 anos o aumento do número de explotacións apícolas foi dun 35%, chegando a ser Galiza o quinto produtor de mel do estado con case 5.000 explotacións e unha cantidade de mel aproximada de 3.000 toneladas. Non entanto, se

Asinado o día 25/01/2026 ás
15:33
Por Sonia Vidal Lamas

Asinado o día 25/01/2026 ás
15:33
Por Ariadna Fernández González



miramos os datos dos 3 últimos anos esa tendencia é a inversa, con menos colmeas no 2025 que no 2023, cun descenso de máis de 8.500, ocorrendo o mesmo co número de explotacións, que se reduciron dende o 2023 ate o presente ano en máis de 250.

Se poñemos a mirada no consumidor seremos conscientes de que o Estado Español non é autosuficiente, cun 79% de autoabastecemento de mel, resultado dun aumento do consumo por persoa do 35% comparando o 2023 e o pasado ano, chegando a 880 gramos por persoa no 2024, que amosan a positiva valorización que a poboación fai deste produto. Mais esta insuficiencia no abastecemento ten como resultado, entre outros, que cumpra optar pola vía da importación, que supón 35.572 toneladas anuais fronte ás 26.942 que saen do estado e nas que o mel galego ten tamén protagonismo. Nestas importacións terá tamén influencia o tratado de Mercosur que as forzas estatais apoian e que non beneficiará en absoluto aos nosos gandeiros e gandeiras, coa entrada de mel procedente doutras latitudes onde as condicións que arrodean á súa produción non se asemellan en absoluto ás nosas.

Cómpre, se queremos apoiar ao sector, poñer o foco na necesidade de estudar os factores negativos que están a actuar sobre os nosos apiarios no presente, para poder traballar en remediar ou paliar os efectos destes e ser capaces de mellorar a nosa produción e a rendibilidade do noso mel, evitando que os peches e a perda de colmeas continúe.

No caso de Galiza, un dos factores que debera resultar determinante á hora de apoiar o sector, é o Plan Apícola que se leva desenvolvendo durante anos no noso territorio. A contía do dito plan, que segundo os propios titulares das explotacións e asociacións relacionadas directamente co sector é totalmente insuficiente para un sector chave supón un total de 1.481.000 euros, dos cales parte dos fondos proceden do FEAGA, outra parte do MAPA e o restante dos fondos propios da Xunta de Galiza, que supoñen 370.000 euros do total. Esta contía non cubre nin sequera todas as solicitudes que se dan





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

por parte dos apicultores, feito confirmado este ano na súa resolución, onde case o 38% das axudas foron denegadas por falla de crédito, premiando aos máis rápidos nas solicitudes, cunha concorrência competitiva que deixa a moitos gandeiros fóra, co que iso implica no desenvolvemento da súa actividade.

Non podemos esquecer que nese plan entra a loita contra a velutina, con liñas destinadas á adquisición de trampas, atraíntes ou outros métodos de captura ou protección individual. Polo tanto, deses 1.481.000 millóns de euros teñen tamén como fin facerlle fronte a unha praga que non teñen por que asumir os apicultores e apicultoras como propia, xa que a vespa invasora afecta á saúde pública, ao turismo, aos sectores vitivinícolas e da hortofruticultura, etc. Non son esas as únicas eivas deste plan, xa que se restrinxen así mesmo a axuda para a adquisición de cera, de xeito que ao non poder priorizarse durante anos consecutivos dando paso ás liñas antes nomeadas, de maneira que os titulares das explotacións están a facer, por obrigación en moitos casos, e por inacción da Consellería de Medio Rural, unha labor de loita que non lles corresponde.

Non é de menor importancia o grande investimento que os propietarios e propietarias levan a cabo no control da Varroa, onde antes era abondo un tratamento anual e agora se fai pouco por motivos climáticos, onde a humidade e a calor nos trouxo un resultado negativo neste caso. O diñeiro que se utiliza neste coidado non pode usarse para outros obxectivos tamén prioritarios, co que as explotacións apícolas se enfrontan a maiores gastos e, polo tanto, menor rendibilidade.

Con todos estes factores hai que ter en conta que, para que as colmeas cheguen en bo estado de saúde e alimentación á hora da hibernación os apicultores teñen que investir máis cada ano, sen que os prezos dos produtos derivados aumenten ao mesmo ritmo que os gastos que se requiren nos apiarios.

Non podemos esquecer tampouco a vaga de incendios que afectou ao sector agrogandeiro este verán, especialmente nas comarcas de Ourense. Non quedou fóra desa



afectación o sector apícola, que agora se ve abocado a unhas axudas mal concibidas que non se adaptan a realidade do ocorrido nin do coidado dos apiarios, con pouco tempo para ser solicitadas e uns requisitos que priorizan a burocracia fronte á realidade do sector e de quen traballa nel, unhas axudas calculadas para 6 meses tras os incendios, que amosan un descoñecemento total da Consellería de Medio Rural do territorio.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Considera a Xunta de Galiza que incluír a loita contra a velutina dentro das liñas prioritarias do Plan apícola é un comportamento xusto e responsable cos titulares das explotacións apícolas, responsabilizándoos da xestión dunha praga que afecta a diversos sectores do noso territorio?

2. Cantas trampas se colocaron por parte da Consellería de Medio Rural este ano no territorio e cantas se lles fixeron chegar aos apicultores? En que momento se comezaron a colocar?

3. Considera a Consellería de Medio Rural que denegar o 37% das axudas aos apicultores por falla de crédito é unha actitude responsable do goberno cos apicultores e co sector gandeiro?

4. Por que motivo se inclúen no Plan apícola restricións no caso da adquisición de cera a través das liñas subvencionables?

5. Considera a Xunta de Galiza que as axudas para o sector apícola tras os incendios están ben concibidas e colaborarán para evitar o peche de explotacións por este motivo?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6. Que medidas se están a tomar para paliar os efectos do cambio climático e das enfermidades nos apiarios galegos?

7. Considera a Consellería de Medio Rural que os datos da IXP que se manexan en canto a cantidade de mel producida baixo a indicación e o número de titulares incluídos nesta son positivos ao comparalos co total? A que considera que se debe este resultado?

8. A que considera a Xunta de Galiza que se debe a redución do número de colmeas e explotacións apícolas nos últimos anos? Cales son as medidas para paliar esta perda?

9. Que parte do orzamento do Plan apícola se destinou no 2024 e no 2025 a liñas de loita contra a velutina?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/01/2026 15:33:17

Sonia Vidal Lamas na data 25/01/2026 15:33:25

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:33:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47866
Data envío: 25/01/2026 15:33:41.239

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:33:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47866
Data envío: 25/01/2026 15:33:41.239

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47867
Data envío: 25/01/2026 15:36:21.509

Asinado o día 25/01/2026
Por Secundino Fernández
Por Secundino Fernández

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza para recuperar o monte queimado na comarca do Condado no verán de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este verán os lumes volveron a afectar territorio da comarca do Condado, en concreto dos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, As Neves e Arbo. Estas zonas foron declaradas afectadas por unha emerxencia (antes catastróficas) polo Estado o pasado 24 de agosto, considerando estes lumes unha das catástrofes medioambientais máis graves dos últimos anos. Esta declaración está baseada na existencia de danos persoais ou destrucións graves en infraestruturas e bens públicos e privados.

Os incendios de Batalláns, nas Neves, e a Picoña, en Salceda de Caselas, arraxaron no seu conxunto máis de 180 has. a comezos de agosto. No lume de Batalláns, a Xunta, ante a proximidade das lapas ás vivendas, veuse obrigada a decretar a Situación 2 como medida preventiva. Mobilizáronse aquí 6 técnicos, 17 axentes forestais, 26 brigadas, 20 motobombas, 4 pas, 3 unidades técnicas de apoio, 6 helicópteros e 2 avións.

Na Picoña a Xunta tamén activou o grao de emerxencia Situación 2 como medida preventiva debido á proximidade do lume ao núcleo de poboación de Pedrapinta e mobilizou 4 técnicos, 15 axentes, 26 brigadas, 18 motobombas, 2 pas, 4 helicópteros e 2 avións. Ademais, tamén participou nas labores de extinción efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME).

Asinado o día 25/01/2026 ás
15:36
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 25/01/2026 ás
15:35
Por Cristina Fernández Davila



O incendio de Salvaterra de Miño no Lugar de Pesqueiras, malia queimarse 30 has., tivo que ser activada tamén a Situación 2 pola proximidade do lume ás vivendas do núcleo de Castelo e Moreiras, coincidindo cun pequeno foco na localidade de Mondariz.

O incendio forestal de Arbo, ameazou os núcleos do Urzal, Fontedevila e da Aldea, activando a Situación 2 como nos casos anteriores.

Estes lumes afectaron a zonas que xa foran queimadas pola vaga de lumes de 2017 ou do 2022, polo tanto a recuperación do monte queimado non vai ser espontánea se non se adoptan as medidas necesarias por parte da Consellería do Medio Rural. No caso da Picoña, arrasada no 2017, a Comunidade de Montes foi quen de reforestar e coidar toda a área durante todos estes anos (unhas 36 has.), no 2025 ardeu toda esa masa forestal renovada, pero a Xunta non incluíu as zonas rexeneradas nas súas axudas, como se non ocasionara gastos e traballos esta acción.

A Xunta de Galiza non asume a súa completa responsabilidade e deriva a mesma, como outras moitas veces, ao Goberno do Estado ou aos concellos, malia que ostenta as competencias plenas en prevención e defensa contra os incendios.

Por outra banda, estudos e series estatísticas amosan que Galiza é un dos territorios máis afectados en Europa, cun aumento constante na área queimada ao longo das décadas. A comarca do Condado, é un deses lugares nos que se combate o lume practicamente cada ano e esta cualificada como Zona de Alto Risco Incendiario.

Polo tanto é urxente poñer en marcha medidas como:

- Maior investimento en accións preventivas durante todo o ano, incidindo nas zonas de máis risco.
- Ordenación do territorio.
- Apostar por un monte multifuncional con distintas actividades económicas.



- Intensificar a cooperación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

- Garantir unha xestión pública e comunal do monte

- Recuperar e dimensionar as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).

É necesario un pulo decidido a políticas estruturais que preserven a biodiversidade natural, restauren os ecosistemas danados coa maior urxencia antes de que cheguen as choivas intensas e recuperen os usos tradicionais e multifuncionais dos montes, como o pastoreo, que contribúen a fixar poboación no rural e a afastar os lumes.

O PP debe cesar de por o monte galego ao servizo da especulación, ofrecéndoo a grandes multinacionais enerxéticas, pasteiras e mineiras e que esta vaga de lumes de lugar a un cambio de rumbo cara a solventar problemas como a mudanza climática, o despoboamento do territorio, a desertización, o abandono da actividade agraria e gandeira, un servizo de prevención e extinción de incendios precario e estacionalizado, e unha actividade forestal de monocultivo de especies pirófitas que dan lugar a unha biomasa descontrolada que favorece ao lume. Temas que deben ser abordados con urxencia.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Vai a Consellería de Medio Rural dotar de medios e orzamento para poñer en marcha os traballos necesarios de Prevención durante todo o ano, adaptado ás características da comarca, contando coa participación das Brigadas do Distrito Forestal e dos Servizos de Emerxencias na delimitación desas áreas mais perigosas, actuando tanto nas faixas secundarias arredor de núcleo, como nas parcelas situadas no seu interior que se atopen en abandono e que actualmente constitúen o mais elevado risco de incendio para as





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47867
Data envío: 25/01/2026 15:36:21.509

vivendas e sitúan en risco vital ás persoas sempre coordinados coas comunidades de montes de cada parroquia?

- Vai a Consellería facer un investimento urxente e cos orzamentos precisos para iniciar o ciclo dunha restauración completa nas zonas afectadas dos Concellos da comarca do Condado que sufriron continuos lumes na última década?

- Vai crear cortalumes naturais de frondosas ou incorporación doutro tipo de cultivos en función do tipo de terreos nos perímetros de núcleos habitados para a protección das propiedades e das persoas?

- Vai a Xunta de Galiza proceder ao pago de xeito urxente das axudas que permitan aos Concellos afectados polos lumes recuperar todo o perdido no incendio, incluíndo as zonas xa rexeneradas despois dos lumes de 2017 e que volveron arder en 2025?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 25/01/2026 15:35:55

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:36:03

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:36:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47867
Data envío: 25/01/2026 15:36:21.509

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:36:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47867
Data envío: 25/01/2026 15:36:21.509

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á actuación da Xunta de Galiza en relación coa gripe aviar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A diagnose de casos de gripe aviaria durante os últimos anos amosa picos de incremento que coinciden asemade coas baixadas das temperaturas que se producen simultaneamente ao aumento dos movementos migratorios, nos que as aves se desprazan cara Asia dende Europa, co risco que iso implica. Nas dúas pasadas tempadas as notificacións sufriron un aumento claro, habendo incluso saltos da enfermidade vírica cara mamíferos, un deles en Galiza, co contaxio dunha granxa de visóns, motivo polo cal debemos ser o máis coidadosos posible para evitar a posible entrada nas explotacións avícolas e doutros tipos no país.

Falando dos datos deste ano, dende o 1 de xullo ata o 5 de novembro do 2025 detectáronse 139 casos de Influenza Aviar de Alta Patoxenicidade en aves de curral, 708 en aves silvestres e 33 en aves cativas na UE. Dentro do estado español os casos de aves de curral infestadas foron 14, perante os 68 en aves silvestres e 5 en aves cativas.

A gravidade destes casos reside nos efectos da súa detección a nivel do sector primario. Non é un segredo que a gripe aviaria nos EEUU tivo graves consecuencias, tanto polo sacrificio de millóns de aves, coma polos casos que chegaron a mamíferos, vacas de leite por exemplo ou, máis perigoso, en humanos. Non menos importante é o





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

encarecemento de produtos derivados das explotacións avícolas, en concreto os ovos, que aumentaron exponencialmente o seu prezo, feito que agora se traslada ao estado español, sen que nós quedemos alleos a tal feito.

Os efectos do padecemento desta enfermidade vírica altamente contaxiosa, que se transmite tanto directa coma indirectamente e ten unha elevada mortalidade e morbilidade, implican o sacrificio de todos os animais das explotacións afectadas, cunha posterior vixilancia da zona e dun radio arredor desta. A entrada da gripe aviar no noso país sería de extrema gravidade dada a importancia do noso sector primario dependente da avicultura e tamén debido a grande cantidade de explotacións avícolas de autoconsumo que están distribuídas polo noso territorio. Tanto unhas coma as outras, ao igual que os centros de recuperación de fauna salvaxe nos que se reciben moitas aves que precisan de coidado, deben manter a maior seguridade posible ao redor desta enfermidade, que eviten graves perdas económicas derivadas dun posible contaxio.

Ao respecto desa tentativa de controlar na medida do posible a transmisión da gripe aviar, veñen de tomarse medidas baixo a orde APA/2442/2006, co establecemento de zonas de especial risco e zonas de especial vixilancia (ZER e ZEV), que afectan a 40 concellos galegos, que deben manter as súas aves dentro, prohibíndose a cría ao aire libre cando se ven de notificar recentemente o último caso galego, cunha gaivota positiva. A situación, que a Xunta de Galiza considera de elevado risco, derivou na toma de medidas estritas segundo o goberno, confinando as aves e solicitando o reforzo das medidas de bioseguridade, tanto nas explotacións intensivas coma extensivas, evitando o contacto con aves silvestres e intensificando a vixilancia das aves domésticas e silvestres, comunicando de xeito inmediato calquera sospeita.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. Considera abonda a información que se trasladou dende a Xunta de Galiza aos propietarios e propietarias das explotacións de avicultura, tanto familiares coma industriais, a información precisa sobre as medidas preventivas de bioseguridade a ter en conta nestes momentos?

2. Que información e por que medios se lles trasladou aos propietarios e a poboación en xeral sobre as medidas de bioseguridade recomendadas ou obrigatorias nestes momentos respecto da gripe aviaria?

3. Considera a Xunta de Galiza que no noso caso se deberan tomar medidas preventivas a maiores dada a importancia do noso sector avícola dentro do sector primario?

4. Existen estudos sobre o alcance económico que suporía para a gandería avícola galega o peche de fronteiras nas distintas épocas do ano, con especial énfase na etapa de Nadal, onde as vendas se multiplican? Prevé a Xunta de Galiza levalos a cabo dende a Consellería de Medio Rural?

5. Hai algún tipo de control da Xunta de Galiza sobre as importacións e exportacións con analíticas específicas extra nos casos do transporte de animais vivos ou ovos dende o noso país cara os veciños e viceversa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 25/01/2026 15:39:24

Sonia Vidal Lamas na data 25/01/2026 15:39:33

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:39:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47868
Data envío: 25/01/2026 15:40:37,844

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:40:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47868
Data envío: 25/01/2026 15:40:37,844

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
GalizaPARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47870
Data envío: 25/01/2026 15:45:16.963Asinado o día 25/01/2026 ás 15:44
Por Iago Suárez Fern

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Mercedes Queixas Zas, Iago Suárez Fernández, Luis Bará Torres, Sonia Vidal Lamas, Ariadna Fernández González, Cristina Fernández Davila e Montserrat Valcárcel Armesto, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o grave abandono e a falla de persoal do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CIAM, Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, é un centro cunha traxectoria centenaria, os seus orixes remóntanse ao século XIX e foi aí a orixe da investigación agraria en Galiza.

Nos anos 70 do pasado século establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias). O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida. Un centro de referencia tamén para os centros universitarios relacionados co agro. Un centro que sempre era unha referencia na formación do enxeñeiros das ramas agrarias. Tamén tiña unha especial importancia na transferencia desas investigacións e coñecemento ao sector; aos produtores agrarios.

O centro que nos servía para ese orgullo patrio, orgullo para os gandeiros e agricultores para dicir que a profesión de gandeiro, gandeira, agricultor agricultora era importante para a sociedade e para o goberno da Xunta de Galiza. Por isto as

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:43
Por Mercedes Queixas ZasAsinado o día 25/01/2026 ás 15:43
Por Secundino Fernández



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47870
Data envío: 25/01/2026 15:45:16.963

instalacións do CIAM eran, e son únicas, no Estado español para realizar traballos de investigación.

Mais este pasado glorioso deu paso a un presente con grandes incertezas. A situación nestes momentos deste centro é que leva anos nunha caída en picado no que se refire a atención e apoio económico por parte da administración responsábel deste centro, a Xunta de Galiza. Un desmantelamento progresivo que non compartimos dende o Bloque Nacionalista Galego.

A pouca altura de miras e a escasa valoración de parte dos gobernos do PP do papel decisivo que xoga a investigación pública ao servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación é unha constante.

O persoal investigador do CIAM puxo de manifesto, expresou o profundo descontento cos xestores responsábeis da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (AGACAL) dependente da consellería do medio rural. Expresan e denuncian tamén a situación crítica na que se atopa o centro; responsabilizando desta situación a Xunta de Galiza, ao mesmo tempo que se explica que esta situación se puxo en coñecemento dos responsábeis da Xunta de Galiza numerosas veces.

Na última semana de outubro marcharon do CIAM sete investigadores, seis deles de maneira “voluntaria” debido ao grave deterioro que está a sufrir o centro. Estes profesionais emitiron un comunicado no que explican as causas da súa saída:

Os principais motivos sinalados foron:

- A falta crónica de cobertura de prazas e a desaparición das xefaturas de departamento, o que impide consolidar liñas de investigación e equipos estables.
- O deterioro das condicións de traballo, coa necesidade de que os propios investigadores asuman tarefas de campo por falta de persoal.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47870
Data envío: 25/01/2026 15:45:16.963

- O estado obsoleto e perigoso da maquinaria e das instalacións, con equipos precintados e infraestruturas de máis de trinta anos.

- A situación crítica das fincas e explotacións experimentais, que incumpren algúns estándares de benestar animal.

- Unha xestión autoritaria por parte do AGACAL, con falta de diálogo e transparencia, que minou o ambiente de traballo e a motivación do persoal.

- A negativa a prorrogar a estancia dunha das investigadoras mais destacadas do centro, baseándose nun informe cheo de inxurias e falsidades que a calumnian profesional e persoalmente.

Esta situación crítica do CIAM tamén afecta ás estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas.

Dende o BNG non entendemos que se siga poñendo trabas, que se siga desmantelando de maneira sistemática o noso principal centro de investigación agraria, e rexeitamos esta actuación da Xunta de Galiza contraria á investigación pública.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

1. Cre o Goberno galego que a investigación realizada no CIAM (e por extensión os restantes centros de investigación da Consellaría do Medio Rural) é necesaria para a sector agrogandeiro galego?

2. Pretende a Xunta de Galiza seguir co desmantelamento progresivo dos centros de investigación agraria do noso país?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47870
Data envío: 25/01/2026 15:45:16.963

3. Que opina a Xunta de Galiza dos problemas do CIAM e das estacións experimentais do Marco da Curra, A Pobra de Brollón e Salceda de Caselas?

4. Cantos investigadores hai neste momento no CIAM e cantas prazas hai vacantes?

5. Que explicación da a Xunta de Galiza a marcha de sete investigadores 6 dos cales asinaron un escrito no que poñen de manifesto as graves deficiencias do centro?

6. Por que non se lle prorrogou a estancia a unha das investigadoras máis importantes do centro e se lle obrigou a xubilarse?

7. Cantas prazas hai vacantes no CIAM no denominado persoal de campo?

8. Que opina a Xunta de Galiza do estado das máquinas, da situacións das instalacións, equipos e infraestruturas do centro?

9. E do coidado e da situación dos animais existentes no centro?

10. Tiveron os responsábeis da Xunta de Galiza algunha xuntanza co persoal investigador do CIAM?

11. Que valoración fai a Xunta de Galiza dos problemas expresados polo persoal investigador?

12. Que actuacións pretende facer a Xunta de Galiza para resolver as graves deficiencias expresadas polo persoal investigador?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:43:22

Mercedes Queixas Zas na data 25/01/2026 15:43:34

Iago Suárez Fernández na data 25/01/2026 15:44:02

Luis Bará Torres na data 25/01/2026 15:44:10

Sonia Vidal Lamas na data 25/01/2026 15:44:19

Ariadna Fernández González na data 25/01/2026 15:44:43

Cristina Fernández Davila na data 25/01/2026 15:44:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:45:01



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:45:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47870
Data envío: 25/01/2026 15:45:16.963

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:47
Por Montserrat Valcáiz

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Iago Suárez Fernández, Montserrat Valcáiz Armesto, Ariadna Fernández González e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o traslado do CRAEGA de Monforte a Lugo e as sentenzas xudiciais favorábeis aos traballadores.

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:47
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA), dependente da Xunta de Galiza como todos os Consellos Reguladores, foi creado no ano 1997 e desde entón é o órgano encargado do control e certificación das producións ecolóxicas en Galiza. Dende a súa creación, o CRAEGA tivo a súa sede na localidade de Monforte de Lemos, unha zona do país castigada a nivel demográfico e na cal os postos de traballo son reducidos.

Hai un tempo, coñeceuse a intención deste organismo de trasladar dita sede á cidade de Lugo en contra da opinión dos traballadores. Esta intención foi executada posteriormente polo citado CRAEGA algo que tivo unhas consecuencias considerables para o sur da provincia pola perda de postos de traballo de persoas que levan décadas traballando en Monforte e por suposto deu lugar a un proceso xudicial a instancias dos traballadores que vían vulnerados os seus dereitos.

Asinado o día 25/01/2026 ás 15:47
Por Secundino Fernández



Lembrar que o conflito entre o CRAEGA e os traballadores comezou no momento no que o consello regulador decidiu mover dun xeito totalmente cuestionábel e arbitraria a sé do consello dende Monforte a Lugo.

Segundo os datos públicos o consello regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza tiña 12 traballadores en Monforte e a raíz deste cambio ordenou o traslado a Lugo de 9 destes traballadores e deixando 3 na oficina de Monforte.

Segundo as informacións publicadas dos nove empregados trasladados cinco presentaron denuncias xudiciais ante os tribunais.

Segundo as mesmas informacións dous xuízos xa se celebraron dando a razón aos empregados e debendo o CRAEGA restituír aos empregados ao seu posto de traballo en Monforte; quedando 3 xuízos pendentes con outros tantos empregados.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que opinión ten a Xunta de Galiza deste traslado do CRAEGA de Monforte a Lugo?
- Avalou a Xunta de Galiza este traslado do CRAEGA de Monforte a Lugo?
- Que explicación e que motivos xustifican para a Xunta de Galiza este traslado do CRAEGA?
- Tomou a Xunta de Galiza algunha decisión para parar esta decisión arbitraria?
- Coñece a Xunta de Galiza a situación creada por esta decisión arbitraria do CRAEGA?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai tomar algunha decisión a Xunta de Galiza para que se restituían os dereitos dos traballadores e que foron vulnerados dun xeito flagrante?
- Vai a Xunta de Galiza tomar algunha medida para combater estas medidas ilegais do CRAEGA?
- Van asumir responsabilidades e deixar o cargo as persoas que tomaron estas decisión declaradas ilegais polos tribunais?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 25/01/2026 15:47:13

Iago Suárez Fernández na data 25/01/2026 15:47:19

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/01/2026 15:47:26

Ariadna Fernández González na data 25/01/2026 15:47:38

Sonia Vidal Lamas na data 25/01/2026 15:47:47



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:47:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47871
Data envío: 25/01/2026 15:47:58,573

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o traslado da Unidade de Reprodución Humana Asistida do CHUVI ao Hospital Meixoeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Plan Galego de Reprodución Humana Asistida 2024-2028 incluíanse unha serie de compromisos para mellorar a carteira de servizos neste eido, tales como a ampliación progresiva da idade máxima de acceso aos tratamentos de fertilidade na sanidade pública, o acceso á conxelación de óvulos para mulleres entre 30 e 35 anos sen patoloxías ou con risco de fertilidade ou o acceso á primeira consulta en menos de 60 días e inicio de tratamento en menos de 6 meses.

O cumprimento destes obxectivos está evidentemente condicionado a un incremento do persoal das unidades de reprodución, unha mellora dos equipamentos e a ampliación das instalacións.

No caso da Área Sanitaria de Vigo existe un grave problema de persoal e de espazos que impiden na actualidade dar cumprimento aos anuncios do goberno galego. A Unidade de Reprodución Humana Asistida do CHUVI situada na actualidade na segunda planta do centro integral de Taboada Leal é insuficiente, xa que non ten espazos para a instalación do novo material e equipos nin ten os quirófanos necesarios.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Incomprensiblemente, a unidade creada en 2010 foi excluída na reorganización do Hospital Álvaro Cunqueiro, a pesar de que xa entón presentaba unha situación límite na súa capacidade. Mais anos despois, a propia Consellería, recoñecía a necesidade de trasladala a un novo centro pola falla de espazo, decidindo a súa implantación no Hospital Meixoeiro, tal e como se recolle no Plan Funcional da Área Sanitaria de Vigo. Así, no ano 2023 a Consellería anunciaba o compromiso de reubicar a unidade para facilitar o traballo dos profesionais e a atención aos pacientes, mais que hoxe segue sen efectivizarse. Por tanto, o traslado da unidade é un problema que o goberno galego vén arrastrando no tempo e que segue sen resolver.

Agora a aprobación do PGRHA 2024-2028 está aumentando a actividade da Unidade poñendo cada vez máis ao límite a súa capacidade. A pesar de que a Consellería vén anunciando a licitación das reformas no Meixoeiro, non hai un compromiso do goberno de que o traslado se poida realizar dentro do período de vixencia do actual Plan, o que suporía que Vigo non contará cos espazos necesarios para implementalo.

Resulta evidente a falla de planificación dunha Xunta de Galiza incapaz de facer unha previsión, nin no longo prazo nin no medio, xa que para alén da falla de previsión estratéxica, tamén vén adquirindo unha serie de material que en parte nin tan sequera podía instalar por falla de espazo. É por iso que a última proposta deslizada polo SERGAS de ampliar os turnos non deixa de ser un parche, ante unha situación que leva anos sen que a Xunta resolva.

A consecuencia é que as mulleres da Área Sanitaria de Vigo non poden acceder en igualdade de condición a este servizo por falta de espazo, de persoal e do material dispoñible necesario para o cumprimento dos compromisos marcados no Plan 2024-2028. Tamén son prexudicadas as mulleres de Ourense que teñen tamén esta unidade como referencia, logo de que a Xunta se negase a ampliar este servizo máis alá das cidades da Coruña, Santiago e Vigo. En paralelo o negocio privado ve aumentar a súa demanda,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

xerando desigualdade no acceso aos tratamentos e maior mercantilización da capacidade reprodutiva das mulleres.

A Xunta de Galiza vén de comunicar hai apenas unhas semanas a licitación para a redacción do proxecto de execución e dirección de obra da reforma da área de reprodución asistida no Hospital Meixoeiro de Vigo, por un importe de 238.244 euros. As empresas terán até o 3 de setembro para presentar as súas ofertas, mais a Xunta non establece un prazo de execución. Tampouco a través doutras canles aclaran en que data entrará en funcionamento a nova área, nin cales son as medidas para garantir os dereitos das pacientes até que se produza.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que data establece a Xunta de Galiza para a finalización das obras da Unidade de Reprodución Humana Asistida do CHUVI no Hospital Meixoeiro?
- Que data establece a Xunta de Galiza para que entre en funcionamento dita Unidade?
- Cal é o orzamento que vai destinar a Xunta de Galiza en 2026 para este fin?
- Cal é o cadro de persoal co que vai contar dita unidade?
- Como prevé a Xunta de Galiza que evolucione a demanda deste servizo nos próximos 20 anos?
- Considera a Xunta de Galiza que os espazos previstos darán cumprimento a esa demanda?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Considera a Xunta de Galiza que os espazos previstos garanten o cumprimento da carteira de servizos prevista no Plan 2024-2028?

- Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir na Área Sanitaria de Vigo o cumprimento da carteira de servizos prevista no Plan 2024-2028 namentres no se realiza o traslado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/01/2026 15:54:06

Carmela González Iglesias na data 25/01/2026 15:54:26

María Montserrat Prado Cores na data 25/01/2026 15:55:00

Iria Carreira Pazos na data 25/01/2026 15:55:09

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/01/2026 15:55:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47872
Data envío: 25/01/2026 15:56:26.060



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 15:56:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47872
Data envío: 25/01/2026 15:56:26.060

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de abrir un centro de día no concello de Corcubión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Política Social ten total coñecemento de que ten a posibilidade de abrir un centro de día público na comarca da Costa da Morte, concretamente no municipio de Corcubión, pois ten á súa disposición dende fai anos un edificio completamente listo e preparado para ofrecer ese servizo, e que só precisa o mobiliario e o persoal para poñelo a funcionar, e que conta cunha capacidade para 22 usuarios.

O ano pasado, o presidente da Xunta anunciaba que ían financiar a construción, mellora e ampliación de 24 centros de atención aos maiores de diversa índole, ao abeiro do Plan de investimentos para equipamentos sociais, máis esqueceuse do noso caso, deste edificio en Corcubión, que non fai falla construílo, porque xa está feito, por certo, sen un só euro de investimento da Xunta de Galiza.

Na nosa comarca, como ben saben, non existen centros de día, os máis cercanos que existen están en Cabana de Bergantiños e en Muros, polo que calquera veciño de Fisterra, Cee, Corcubión, Dumbría, Carnota, Muxía, Vimianzo, Zas, Camariñas, Mazaricos ou Laxe non ten posibilidade de acceder a unha praza nun centro de día da rede pública no seu municipio, e tería que percorrer ata máis de 50 quilómetros para ir ao centro máis próximo, se conseguise praza no mellor dos casos.

Asinado o día 25/01/2026 ás
16:03
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 25/01/2026 ás
16:03
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste pasado mes de agosto o alcalde de Corcubión entregou a través do rexistro do Parlamento máis de 1300 sinaturas recollidas polo propio Concello e por distintos colectivos; sinaturas de veciños e veciñas que solicitan a apertura inmediata deste servizo tan demandado e que sexa xestionado pola Xunta de Galiza.

Neste sentido, o propio alcalde de Corcubión ten solicitada en numerosas ocasións, ata cinco veces, unha cita coa Conselleira de Política Social, Dña Fabiola García, para tratar este tema crucial e fundamental para a nosa comarca, sen recibir a día de hoxe resposta algunha e sen recibir unha data para axendar dita reunión, namentres recibe día tras día a outros alcaldes do partido popular de Galiza.

Descoñecemos as razóns polas cales a Consellería se nega xa non só a incluír no Consorcio Galego de Benestar este centro e a poñelo en marcha de forma inmediata, senon a reunirse cos representantes do goberno municipal.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cales son as razóns polas que a Consellería de Política Social discrimina ao concello de Corcubión e á Costa da Morte por negarlle a apertura dun centro de día público ou por negarlle unha reunión ao alcalde de Corcubión, que leva esperando dous anos por ela?
- Que criterio segue a Consellería para recibir aos alcaldes e alcaldesas galegas? adscrición partidaria? orde cronolóxica das solicitudes? oportunismo político?
- Que valoración fai a Consellería sobre as máis de mil trescentas sinaturas presentadas neste parlamento de veciños e veciñas de Corcubión e comarca pedindo a apertura do centro de día?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as razóns polas que a Consellería se nega a incluír os edificios ofrecidos polo concello de Corcubión no consorcio Galego de Benestar e abrir o tan demandado centro de día, cando ten abertos outros moitos centros en Galiza que actualmente segue a xestionar?

- Que previsións ten a Consellería para dar unha solución definitiva a esta demanda social?

- Ten previsto o goberno galego construír algún centro de día público máis na Costa da Morte para o 2026? E algunha residencia pública?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 25/01/2026 16:03:04

Olalla Rodil Fernández na data 25/01/2026 16:03:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47874
Data envío: 25/01/2026 16:03:36.292

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 16:03:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47874
Data envío: 25/01/2026 16:03:36.292

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Ramón Fernández Alfonzo, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación do mercado laboral galego no referido á mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é un segredo que a mocidade é un dos grupos de idade que máis sofre as eivas do mercado laboral. Precariedade, temporalidade e desemprego son tres palabras que ben poden definir o que vén sendo o mercado laboral galego nos últimos anos no que á xuventude galega se refire. E así o reflicten os datos.

De acordo coa Enquisa de Poboación Activa (EPA) publicada nos últimos tempos a taxa de paro na mocidade colócase no 20% fronte ao 9,4% no resto de idades. A situación agrávase especialmente na faixa de entre os 16 e os 24 anos, na cal a porcentaxe aumenta até o 25,7%. Ademais, entre a mocidade que si que ten traballo vese unha alta temporalidade. Así, un 24,9% de mozas e mozos ten emprego a tempo parcial, e esta parcialidade chega até o 33,5% no caso das mozas e mozos de entre 16 e 24 anos. No caso do resto das medias de idade, a temporalidade é dun 13,5%. Por sectores, a maior parte do emprego xuvenil enmárcase no sector servizos, no cal traballan un 71,1% das galegas e galegos nesa franxa de idade en activo.

Todo isto ten consecuencias, nomeadamente nos salarios. Segundo os datos da última Enquisa Anual de Estrutura Salarial, os empregados e as empregadas de entre 25 e 34 anos cobraron de media na Galiza 20.076,43 euros. No conxunto de idades a media salarial neste mesmo período foi de 25.279,15 euros ao ano, co cal, os traballadores

Asinado o día 25/01/2026 ás
16:07
Por Ramón Fernández Alfonzo

Asinado o día 25/01/2026 ás
16:07
Por Iago Suárez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

máis novos perciben 5.203,72 euros menos, unha fenda do 20,6%. No Estado español, pola súa parte, as traballadoras de entre 25 e 34 anos cobraron no mesmo período un salario anual medio de 23.376,19 euros, tamén por encima da mocidade galega.

Como é evidente, a precariedade a temporalidade e o desemprego que definen o mercado laboral galego no referido á mocidade, son unha combinación que acaba por provocar a imposibilidade práctica da xuventude en Galiza de se emancipar. O 73,6% dos mozos e mozas galegas de entre 18 a 29 anos aínda vive cos seus pais, porcentaxe que sobe até o 87,91% na franxa de 18 a 24 anos.

Ante esta conxuntura non vale a autocompracencia que vén mostrando o goberno galego. É deber do Executivo tentar pór remedio a esta situación á maior celeridade posíbel. A mocidade galega merece unha estratexia integral e interdepartamental que poña fin ás eivas do mercado laboral xuvenil galego e que incremente a ridícula taxa de emancipación actual da xuventude do noso país.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Que medidas ten pensado levar a cabo o Goberno galego para mellorar a taxa de desemprego xuvenil en Galiza?
- Por que cre a Xunta de Galiza que non funcionan as súas políticas destinadas á mocidade por parte da Xunta de Galiza?
- Que opinión lle merece ao Goberno galego a fenda salarial en Galiza entre as persoas menores de 35 anos e as maiores de 35 anos?
- Que pensa facer a Xunta para mellorar das condicións de traballo entre a xuventude galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que lle parece ao Goberno galego a terciarización da economía galega, algo que afecta especialmente a mocidade do noso país?

- É prioridade para a Xunta de Galiza aumentar a tan baixa taxa de emancipación da mocidade galega?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 25/01/2026 16:07:12

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/01/2026 16:07:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47876
Data envío: 25/01/2026 16:07:44.359

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 47876
Data envío: 25/01/2026 16:07:44.359

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 25/01/2026 16:07:45

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, Luis Bará Torres, Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de inspeccionar e mellorar a Autovía AG-55 de Carballo á Coruña, en réxime de concesión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada de peaxe Carballo-A Coruña (AG-55), a primeira integramente galega, construíuse en dúas fases a principios dos anos 90: o tramo entre A Coruña e A Laracha inaugurouse o 26 de setembro de 1993, e a segunda fase ata Carballo completouse o 30 de decembro de 1997 que foi cando a inauguraron nun acto sorpresa, de noite e acompañados de antidisturbios e dun cordón policial, impedindo o achegamento dos veciños e veciñas da Plataforma pola Autovía Gratuíta, conformada por entidades políticas e sociais diversas.

A Xunta de Galicia é titular da autoestrada de peaxe A Coruña-Carballo (AG-55), cuxa concesión administrativa para a construción, conservación e explotación foi adxudicada por un tempo de 50 anos á Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia, SA, en virtude do Decreto 23/1995, de 20 de xaneiro. O contrato de concesión réxese polos pregos que regulan a súa adxudicación, pola Lei 8/1972, 10 de maio, de construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e polo Decreto 215/1973, do 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión, e demais normas do dereito administrativo. Autoestradas de Galicia, A.G., C.X.G., S.A., é unha empresa fundada en marzo de 1.995, integrada no Grupo ITÍNERE, cuxo obxecto social é a construción, mantemento e explotación das autoestradas de peaxe A Coruña-



Carballo (AG-55) e Puxeiros -Val Miñor (AG-57), ambas as de titularidade da Xunta de Galicia.

Esta vía de 32 quilómetros conta con 51 curvas, tendo varios tramos de curvas moi perigosas dos que máis se queixan os usuarios. Esta autovía está repleta de rebacheos, con ducias de puntos onde se concentran balsas de augas os días que chove, e que provocan “aquaplaning”, perdendo os vehículos adherencia e o control do mesmo e que acaban moitas das veces en accidentes de tráfico. Esta autoestrada precisa urxentemente a intervención da administración pública, que é titular da vía, porque é patente que a concesionaria non está a cumprir coas obrigas de mantemento da mesma, polo que é necesario que a Axencia Galega de Infraestruturas realice unha inspección global desta autovía para determinar as accións necesarias que resolvan e solucionen o mal estado que presenta o firme da mesma.

O Artigo 35 da lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, regula a Dirección e inspección da explotación das autoestradas galegas e establece que “A explotación do dominio público viario realizárase baixo a dirección ou inspección da administración titular da rede” e a Cláusula 81 do Decreto 215/1973, de 25 de xaneiro, polo que se aproba o prego de cláusulas xerais para a construción, conservación e explotación de autoestradas en réxime de concesión e que rexen segundo o Decreto 23/1995, do 20 de xaneiro, polo que se resolve o concurso para a concesión administrativa da construción, conservación e explotación das autoestradas A Coruña-Carballo e Puxeiros-Val Miñor. regula a “Comprobación do estado da autoestrada polo Ministerio de Obras Públicas” e establece que “Sen prexuízo da inspección técnica que o concesionario estableza para vixiar o estado da autoestrada, o Ministerio de Obras Públicas comprobará periodicamente devandito estado. O informe que emitan os seus técnicos servirá de base para que devandito Departamento esixa a reparación ou substitución dos elementos deteriorados ou desgastados, sinalando prazo e condicións dos materiais a empregar. Esta resolución non poderá alterar o trazado ou condicións especiais da autoestrada, limitándose a esixir a reposición das cousas ao seu primitivo ser e estado”.



Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é a periodicidade de inspección da autovía concesionada? Cantos informes se realizaron dende o ano 1995?

- Cando realizou a Axencia Galega de Infraestruturas a última inspección da autovía?

- Cal foi o resultado desa inspección?

- A vista do estado actual que presenta a autovía, quen está a incumprir as súas funcións, a Axencia Galega de Infraestrutura na súa tarefa de supervisión e inspección da concesión ou a empresa concesionaria, nas súas obrigas de mantemento e conservación?

- Que medidas ten pensado realizar o goberno da Xunta ante o estado lamentable do firme desta autovía?

- Vai adoptar algunha medida de seguridade para os vehículos os días de choiva, tal e como está o firme da mesma?

- Cal foi o número de accidentes de tráfico nos últimos 5 anos? Leva a AXI conta destas estatísticas e das súas causas?

- Cantas penalidades se aplicaron conforme o prego de cláusulas administrativas do contrato por incumprimentos da concesionaria?

- Ten previsto rescatar a concesión a xunta de Galiza? En caso afirmativo, cando?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/01/2026 9:48:48

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 9:49:00

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2026 9:49:06

Iria Taibo Corsanego na data 26/01/2026 9:49:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:57
Nº Rexistro: 47881
Data envío: 26/01/2026 09:50:57.066

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 9:50:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 09:50:57
Nº Rexistro: 47881
Data envío: 26/01/2026 09:50:57.066

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:05:24
Nº Rexistro: 47884
Data envío: 26/01/2026 10:05:24.435

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:04
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesaria concreción das obras de seguridade viaria na estrada AC-400 entre os núcleos de Valiñas e Peiro de Arriba (Culleredo).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza dos núcleos entre Valiñas e Peiro de Arriba, de Culleredo (das parroquias de Sueiro, Sésamo e Celas) están a reclamar desde hai anos a mellora da seguridade viaria na estrada AC-400 entre estes dous núcleos.

É unha estrada cunha importante densidade de tránsito de vehículos (tanto turismos como camións e bicicletas, por tratarse dunha ruta coñecida polos ciclistas da zona), polo que a falta de beirarrúas resulta perigosa, tanto para os peóns como para os vehículos que circulan por ela. Na meirande parte do trazado, a estrada non ten beiravía, polo que os viandantes teñen que ir a pé polo medio dos carrís da estrada, co conseguinte problema de seguridade. Esta estrada atravesa varios núcleos de poboación, sen que exista ningún camiño alternativo que permita facer o percorrido a pé de xeito máis seguro.

A veciñanza dirixiuse á Valedora do Pobo por este asunto, que lles comunicou que as sendas da AC-400 non foron seleccionadas como prioritarias desde o punto de vista técnico para a primeira fase do Plan de Sendas, e a información sobre a posíbel inclusión desta estrada nunha seguinte fase non é concreta, nin en prazos nin no tipo de obras que se poidan acometer.

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:04
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:04
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cal é a previsión do goberno galego no que respecta á inclusión da AC-400 nas próximas actuacións do Plan de Seguridade Viaria?
- Ten prevista o goberno galego algunha actuación para mellorar a seguridade peonil nos núcleos rurais do concello de Culleredo?
- Ten previsto o goberno galego construír sendas peonís ou beirarrúas na estrada AC-400 entre as localidades de Valiñas e Peiro (parroquias de Sueiro, Sésamo e Celas)?
- En que prazo ten previsto o goberno galego acometer estas actuacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 26/01/2026 10:04:31

Paulo Ríos Santomé na data 26/01/2026 10:04:39

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 10:04:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:05:24
Nº Rexistro: 47884
Data envío: 26/01/2026 10:05:24.435

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 10:05:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:05:24
Nº Rexistro: 47884
Data envío: 26/01/2026 10:05:24.435

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a creación dun parque natural e cultural en Castiñeiras-Cotorredondo, nos concellos de Vilaboa e Marín.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parque Forestal ou Parque da Natureza de Castiñeiras é un enclave natural creado a mediados do século XX e situado en terreos de Vilaboa e Marín dos que son titulares as comunidades de Montes de Vilaboa (Vilaboa), Santa Cristina de Cobres (Vilaboa), Santo Tomé de Piñeiro (Marín) e San Xián (Marín).

Na actualidade o parque estendese por unha área de 70 ha de superficie repoboadas con piñeiros, castiñeiros, bidueiros, carballos e varias especies exóticas, que conforman un xardín botánico de grande interese.

Aínda que ten estes antecedentes históricos e un grande interese ambiental, o Parque da Natureza non se acolle a ningunha figura de protección, o goberno da Xunta desentendeuse da súa xestión e as iniciativas que se desenvolven nesta contorna son promovidas maioritariamente polas comunidades de montes, ben directamente ou en coordinación con outras entidades.

Como consecuencia desta situación, non se fai unha promoción conxunta nin un aproveitamento axeitado (educativo, cultural, social, económico e de lecer) de todas as potencialidades que ten este espazo, que podería ser un auténtico motor de desenvolvemento e promoción dunha zona situada estratexicamente entre Pontevedra, O Morrazo e a área de Vigo.

Asinado o día 26/01/2026 ás
10:11
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 26/01/2026 ás
10:11
Por Luis Bará Torres





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Aínda que non últimos anos se levaron a cabo algunhas melloras, fundamentalmente na conservación da lagoa e na súa contorna, a realidade é que non se está facendo unha axeitada xestión de moitos elementos como os que sinalamos a seguir:

-Existe unha Aula da Natureza que non funciona pola falta de medios e apoio oficial.

-O Xardín Botánico non ten nunha conservación nin unha protección axeitada.

-Non existe unha promoción e divulgación correcta dos valores culturais da contorna, desaproveitando o grande potencial do extraordinario conxunto de mámoas situadas na denominada como “A Chan de Castiñeiras”.

-O miradoiro de Cotorredondo está pechado e non pode ser visitado polo público, perdendo así un importante reclamo turístico.

-A Xunta trasladou o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe a Cerdedo-Cotobade, o que supuxo a perda doutro importante elemento de dinamización.

Se ben nos últimos tempos xurdiron iniciativas de mellora e dinamización desta contorna, a maioría delas foron promovidas polas propias comunidades de montes, ben directamente ou en colaboración con outras entidades e institucións. Un exemplo das potencialidades e aproveitamento do espazo é o proxecto que está a desenvolver a Fundación Xoán XXIII nos terreos que ocupaba o Centro de Recuperación da Fauna Salvaxe, propiedade da Comunidade de Montes de San Xián. Un proxecto denominado Botánico do Lago que comprende actividades sociais, ambientais e de integración sociolaboral que debería contar con un apoio moito maior das institucións públicas.

Máis alá destas iniciativas concretas, bótase de menos un proxecto integral de conservación, protección e dinamización deste gran espazo natural e cultural, que debe ser liderado e impulsado polo goberno galego en colaboración coa Deputación de





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Pontevedra, os concellos, as comunidades de montes e entidades sociais interesadas na posta en valor do parque.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Como valora a Xunta a situación do Parque de Natureza de Castiñeiras, situado nos concellos de Vilaboa e Marín?

Cre o goberno galego que se está a aproveitar todo o potencial deste enclave?

Pensa a Xunta liderar un plan integral para a conservación, o mantemento e a dinamización do espazo do Parque da Natureza de Castiñeiras, co obxecto de crear un grande espazo ambiental e cultural, fomentar as actividades culturais, sociais, educativas, turísticas e de lecer, e convertelo nun motor social e económico da súa contorna?

Ten intención o goberno galego de dotar unha partida no orzamento do ano 2026 para a posta en marcha deste plan e a apertura do miradoiro de Cotorredondo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 10:11:19

Paulo Ríos Santomé na data 26/01/2026 10:11:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:12:12
Nº Rexistro: 47886
Data envío: 26/01/2026 10:12:12.046

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 10:12:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:12:12
Nº Rexistro: 47886
Data envío: 26/01/2026 10:12:12.046

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:16
Por Montserrat Valcárcel

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as denominadas “zonas ben conservadas en estudo”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O visor xeográfico de conservación da natureza do sistema de información xeográfica de Galiza inclúe como “zonas de exclusión” ás denominadas “zonas ben conservadas en estudo.”

Moitas destas zonas albergan hábitats e especies de especial interese ou de interese prioritario e en moitos casos coinciden con zonas propostas en 2008 e 2011 para a ampliación da Rede Natura 2000.

Polo que respecta a áreas como a serra do Suido, a existencia destas “zonas ben conservadas en estudo” foi un argumento de peso para facer informes desfavorables de proxectos industriais eólicos.

A delimitación destas zonas está avalada por informes técnico-científicos, mais o goberno galego négase sistematicamente a darlles un estatus de protección acorde coa súa importancia biolóxica e para a biodiversidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:16
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:16
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que rango legal teñen as zonas de exclusión denominadas “zonas ben conservadas en estudo”?

Por que a Xunta non lle outorga un estatus de protección dos previstos na lei do patrimonio natural e a biodiversidade a estas zonas?

Que criterios segue o goberno galego para denegar autorizacións ambientais a proxectos que afectan a estas zonas de interese para a biodiversidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 10:16:32

Alexandra Fernández Gómez na data 26/01/2026 10:16:44

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/01/2026 10:16:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:17:05
Nº Rexistro: 47891
Data envío: 26/01/2026 10:17:05.504

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 10:17:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:17:05
Nº Rexistro: 47891
Data envío: 26/01/2026 10:17:05.504

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:30
Por Iria Taibo Corsan

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Cristina Fernández Davila, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os criterios para a promoción e difusión de programas educativos en medios de comunicación empregados pola Xunta.

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:30
Por Cristina Fernández Davila

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Publicados no DOG do pasado 23 de xaneiro os convenios subscritos no terceiro cuadrimestre de 2025 pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, fíxose pública a sinatura de diferentes convenios con medios de comunicación impresos.

A Xunta de Galiza destinou ás diferentes empresas de comunicación case 300.000 euros co obxectivo de desenvolveren accións de promoción e difusión de programas educativos.

É sorprendente que, máis unha vez, fiquen fóra das achegas da Xunta de Galiza a cabeceira Nós Diario, o único diario en papel que se publica integramente en galego, a única ferramenta xornalística impresa na nosa lingua propia coa que o alumnado e o profesorado contan para traballar o currículo académico.

Asinado o día 26/01/2026 ás 10:29
Por Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha discriminación por parte da Xunta que continúa a respecto doutras resolucións de axudas precedentes como as referidas ao fomento da lectura en centros de ensino ou para a normalización da lingua galega.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Que accións de promoción e difusión de programas educativos procura desenvolver a Xunta a través dos mencionados convenios?
- Realizou a Xunta algunha avaliación das accións realizadas a partir dos convenios anteriores?
- Que criterios deben cumprir os medios de comunicación cos que a Xunta subscribiu estes convenios para a promoción e difusión de programas educativos?
- Por que exclúe a Xunta da actual relación de convenios o único medio impreso en galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 26/01/2026 10:29:55

Cristina Fernández Davila na data 26/01/2026 10:30:09

Iria Taibo Corsanego na data 26/01/2026 10:30:15

Daniel Castro García na data 26/01/2026 10:30:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:31:41
Nº Rexistro: 47911
Data envío: 26/01/2026 10:31:41.042

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 10:31:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 10:31:41
Nº Rexistro: 47911
Data envío: 26/01/2026 10:31:41.042

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a asistencia do profesorado aos centros educativos pechados polas condicións metereolóxicas adversas e as advertencias das axencias metereolóxicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación notificou á comunidade educativa que o venres 23 de xaneiro serían suspendidas as clases e o transporte durante toda a xornada nos centros educativos en toda a provincia de Ourense, nas zonas de montaña, sur e centro de Lugo e no interior de Pontevedra. Unha decisión adoptada pola Comisión Escolar de Alertas, pola entrada no noso País da borrasca Ingrid, cunha previsión de incidencia severa en toda a Comunidade.

Esta declaración de alerta laranxa ou vermella, segundo sexa no interior ou no litoral galego ten como consecuencia directa que o alumnado non puidese ir aos centros e a suspensión de calquera actividade ao aire libre, deportivas ou aquelas axendadas do programa Xogade.

Deste xeito máis da metade dos concellos galegos tiveron os centros pechados, un total de 160. Mais houbo claustros de profesorado que manifestaron a súa desconformidade coa aplicación do protocolo da Xunta de Galiza para a coordinación de actuacións no ámbito educativo nos supostos de alerta climatolóxica.

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:15
Por Daniel Castro García

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:14
Por Cristina Fernández Davila



Este protocolo especifica para a alerta vermella que suspenderase a actividade docente nos centros, o transporte de escolares e as actividades extraescolares, así como a non obrigatoriedade do profesorado de acudir ao centro educativo.

No caso de decretar alerta laranxa, decretarase a suspensión do transporte de escolares e das actividades ao aire libre, non afectando á obriga das direccións dos centros da apertura dos mesmos, e do profesorado para acudir, sempre que poidan acceder ao posto de traballo en atención ás circunstancias de acceso por estrada.

A alerta laranxa decretada no interior galego tiña perigo pola previsión de neve, unha situación que é imprevisible para o uso das estradas que comunican as distintas poboacións e os centros educativos. Nesa mesma xornada a Xunta realizou restricións de tráfico pesado na A-52, A-6, AP-53 ou AG-53 ao seu paso polos concellos do interior de Lugo, Pontevedra e a provincia de Ourense.

Parece incongruente que existindo un perigo real para o desprazamento do alumnado, o profesorado teña que valorar por si mesmo se vai poder realizar o percorrido que o separa do centro, si está en condicións óptimas para a condución ou se vai a atopar unha capa de neve dunha dimensión que o bloquee no camiño.

Tampouco parece de recibo que ante as consultas das direccións e do propio profesorado a Xefatura Territorial tan só poida indicar que o protocolo está o suficientemente claro; ou incluso noutros casos que suxiran que poden recibir sancións no caso de que non se presenten no centro, cando é un absurdo que non tendo que impartir clases, deba estar o Claustro completo durante toda a xornada, pódose así en perigo no traslado.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Por que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP, aplica un Protocolo que deixa de xeito ambiguo a decisión de asistencia ao traballo no profesorado en caso de alerta laranxa, aínda que se suspendan as clases?

2.- Ten pensado a Consellería de Educación a modificación do Protocolo de Coordinación para actuacións no ámbito educativo nos supostos de alerta climatolóxica no caso de nivel laranxa, para que non exista un dobre estándar de seguridade para o alumnado e profesorado?

3.- Quen ordenou indicar ao profesorado que podería haber sancións pola non asistencia ao traballo na xornada do venres 23 de xaneiro, ante unha alerta laranxa por neve en centros educativos do interior galego afectados polo paso da borrasca Ingrid?

4.- Ten pensado a Consellería dar explicacións sobre o acontecido ás direccións e profesorado dos centros educativos?

5.- Vai a Consellería de Educación crear un permiso que permita xustificar a ausencia do profesorado no centro educativo para os casos de risco por alerta laranxa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 26/01/2026 12:14:56

Daniel Castro García na data 26/01/2026 12:15:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:15:28
Nº Rexistro: 47955
Data envío: 26/01/2026 12:15:28.480

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:15:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:15:28
Nº Rexistro: 47955
Data envío: 26/01/2026 12:15:28.480

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:16
Nº Rexistro: 47959
Data envío: 26/01/2026 12:21:16.284

Asinado o día 26/01/2026 ás 12:17
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro, Aitor Bouza Manso e Lara Méndez López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Nos últimos días, o medio de comunicación Praza.gal publicou unha información detallada e documentada sobre o caso do salón de eventos de Casal de Armán, unha construción levantada no ano 2015 no entorno inmediato dun ben patrimonial protexido, no concello de Ribadavia, que foi obxecto dun expediente de reposición da legalidade por parte da Xunta de Galicia e cuxa demolición foi confirmada posteriormente por sentenzas xudiciais firmes.

Asinado o día 26/01/2026 ás 12:17
Por Silvia Longueira Castro

Segundo a información publicada por Praza.gal, baseada en documentación administrativa e resolucións xudiciais, esta construción leva case dez anos en funcionamento, malia existir ordes expresas de demolición que nunca chegaron a executarse, permitindo durante todo este tempo a explotación económica dunha edificación contraria á legalidade urbanística e patrimonial.

O caso reviste unha especial gravidade desde o punto de vista político porque a empresa titular da construción, Casal de Armán, está vinculada á familia do conselleiro da Xunta de Galicia José González Vázquez, circunstancia que esixe, por razóns obvias de exemplaridade e bo goberno, un nivel máximo de rigor, dilixencia e transparencia por parte da Administración autonómica.

Asinado o día 26/01/2026 ás 12:16
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Porén, tal e como recolle Praza.gal, a falta de execución efectiva das resolucións administrativas e xudiciais non pode explicarse unicamente polos recursos presentados pola empresa. A información publicada pon de manifesto

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

171506

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:16
Nº Rexistro: 47959
Data envío: 26/01/2026 12:21:16.284

a existencia de erros administrativos e atrasos imputables á propia Xunta de Galicia, en particular no ámbito da protección do patrimonio cultural.

En concreto, o medio informa de que unha das resolucións que permitía o acceso público ao expediente sancionador foi asinada por unha responsable territorial de Patrimonio en Ourense que, ademais, ocupa un cargo orgánico relevante no Partido Popular, resolución que acabou sendo anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por carecer da motivación legalmente esixida. Este erro administrativo tivo como consecuencia directa a ocultación durante anos do expediente sancionador, obrigando a reiniciar procedementos de transparencia xa concedidos.

Así, a actuación defectuosa da Administración autonómica —e non unha decisión xudicial— provocou un atraso de anos no acceso á información pública e contribuíu a prolongar unha situación de incumprimento da legalidade que segue sen resolverse a día de hoxe.

A combinación destes feitos —unha construción ilegal que non se demole, unha empresa vinculada á familia dun conselleiro, erros administrativos da Xunta e a intervención dun alto cargo do PP no ámbito de Patrimonio— configura un escenario que obriga ao Goberno galego a dar explicacións claras, políticas e públicas.

A cidadanía galega ten dereito a saber por que, neste caso, a falta de dilixencia da Xunta permitiu prolongar no tempo unha situación contraria á legalidade e ao interese xeral.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

171507

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:16
Nº Rexistro: 47959
Data envío: 26/01/2026 12:21:16.284

1. Como explica a Xunta de Galicia que unha construción respecto da cal a propia Administración acordou a reposición da legalidade e ordenou a súa demolición, decisións confirmadas por sentenzas firmes, siga en funcionamento desde hai case dez anos por actuacións e atrasos imputables á propia Xunta?
2. Cantos expedientes sancionadores tramitou a consellería competente contra Casal de Armán desde que se ordenou a demolición da estrutura ilegal, cal foi a contía económica das sancións impostas e en que estado de tramitación se atopan actualmente?
3. Vai asumir a Xunta de Galicia algunha responsabilidade política ou administrativa pola resolución anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por “carencia absoluta de motivación”, que tivo como consecuencia a ocultación do expediente sancionador durante dous anos?
4. Incoouse algún expediente interno ou adoptouse algunha medida disciplinaria ou correctora respecto das persoas responsables da resolución irregular que favoreceu obxectivamente á empresa infractora?
5. Considera o Goberno galego compatible cos principios de transparencia, imparcialidade e bo goberno que erros da Administración autonómica rematen beneficiando a unha empresa vinculada á familia dun conselleiro?
6. Que medidas concretas pensa adoptar a Xunta de Galicia o respecto?

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

171508

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/01/2026 12:16:58

Silvia Longueira Castro na data 26/01/2026 12:17:04

Aitor Bouza Manso na data 26/01/2026 12:17:10

Lara Méndez López na data 26/01/2026 12:17:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:16
Nº Rexistro: 47959
Data envío: 26/01/2026 12:21:16.284

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:21:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:16
Nº Rexistro: 47959
Data envío: 26/01/2026 12:21:16.284

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 47961
Data envío: 26/01/2026 12:21:33,478

Asinado o día 26/01/2026 ás 12:17
Por Aitor Bouza Manso

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Silvia Longueira Castro, Aitor Bouza Manso e Lara Méndez López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

Nos últimos días, o medio de comunicación Praza.gal publicou unha información detallada e documentada sobre o caso do salón de eventos de Casal de Armán, unha construción levantada no ano 2015 no entorno inmediato dun ben patrimonial protexido, no concello de Ribadavia, que foi obxecto dun expediente de reposición da legalidade por parte da Xunta de Galicia e cuxa demolición foi confirmada posteriormente por sentenzas xudiciais firmes.

Asinado o día 26/01/2026 ás 12:17
Por Silvia Longueira Castro

Segundo a información publicada por Praza.gal, baseada en documentación administrativa e resolucións xudiciais, esta construción leva case dez anos en funcionamento, malia existir ordes expresas de demolición que nunca chegaron a executarse, permitindo durante todo este tempo a explotación económica dunha edificación contraria á legalidade urbanística e patrimonial.

O caso reviste unha especial gravidade desde o punto de vista político porque a empresa titular da construción, Casal de Armán, está vinculada á familia do conselleiro da Xunta de Galicia José González Vázquez, circunstancia que esixe, por razóns obvias de exemplaridade e bo goberno, un nivel máximo de rigor, dilixencia e transparencia por parte da Administración autonómica.

Asinado o día 26/01/2026 ás 12:17
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Porén, tal e como recolle Praza.gal, a falta de execución efectiva das resolucións administrativas e xudiciais non pode explicarse unicamente polos

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

171511

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 47961
Data envío: 26/01/2026 12:21:33,478

recursos presentados pola empresa. A información publicada pon de manifesto a existencia de erros administrativos e atrasos imputables á propia Xunta de Galicia, en particular no ámbito da protección do patrimonio cultural.

En concreto, o medio informa de que unha das resolucións que permitía o acceso público ao expediente sancionador foi asinada por unha responsable territorial de Patrimonio en Ourense que, ademais, ocupa un cargo orgánico relevante no Partido Popular, resolución que acabou sendo anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por carecer da motivación legalmente esixida. Este erro administrativo tivo como consecuencia directa a ocultación durante anos do expediente sancionador, obrigando a reiniciar procedementos de transparencia xa concedidos.

Así, a actuación defectuosa da Administración autonómica —e non unha decisión xudicial— provocou un atraso de anos no acceso á información pública e contribuíu a prolongar unha situación de incumprimento da legalidade que segue sen resolverse a día de hoxe.

A combinación destes feitos —unha construción ilegal que non se demole, unha empresa vinculada á familia dun conselleiro, erros administrativos da Xunta e a intervención dun alto cargo do PP no ámbito de Patrimonio— configura un escenario que obriga ao Goberno galego a dar explicacións claras, políticas e públicas.

A cidadanía galega ten dereito a saber por que, neste caso, a falta de dilixencia da Xunta permitiu prolongar no tempo unha situación contraria á legalidade e ao interese xeral.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

171512

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 47961
Data envío: 26/01/2026 12:21:33,478

1. Como explica a Xunta de Galicia que unha construción respecto da cal a propia Administración acordou a reposición da legalidade e ordenou a súa demolición, decisións confirmadas por sentenzas firmes, siga en funcionamento desde hai case dez anos por actuacións e atrasos imputables á propia Xunta?
2. Cantos expedientes sancionadores tramitou a consellería competente contra Casal de Armán desde que se ordenou a demolición da estrutura ilegal, cal foi a contía económica das sancións impostas e en que estado de tramitación se atopan actualmente?
3. Vai asumir a Xunta de Galicia algunha responsabilidade política ou administrativa pola resolución anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por “carencia absoluta de motivación”, que tivo como consecuencia a ocultación do expediente sancionador durante dous anos?
4. Incoouse algún expediente interno ou adoptouse algunha medida disciplinaria ou correctora respecto das persoas responsables da resolución irregular que favoreceu obxectivamente á empresa infractora?
5. Considera o Goberno galego compatible cos principios de transparencia, imparcialidade e bo goberno que erros da Administración autonómica rematen beneficiando a unha empresa vinculada á familia dun conselleiro?
6. Que medidas concretas pensa adoptar a Xunta de Galicia o respecto?

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro do 2026

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

171513

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/01/2026 12:17:26

Silvia Longueira Castro na data 26/01/2026 12:17:31

Aitor Bouza Manso na data 26/01/2026 12:17:38

Lara Méndez López na data 26/01/2026 12:17:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 47961
Data envío: 26/01/2026 12:21:33,478

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:21:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:21:33
Nº Rexistro: 47961
Data envío: 26/01/2026 12:21:33.478

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:22:38
Nº Rexistro: 47964
Data envío: 26/01/2026 12:22:38.886

Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é o número de vivendas públicas construídas pola Xunta de Galicia na nosa Comunidade Autónoma en cada un dos anos dende 2009 ata a actualidade?

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro de 2026

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:19
Por Carlos López Font

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:19
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

171516

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/01/2026 12:19:25

Carlos López Font na data 26/01/2026 12:19:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:22:38
Nº Rexistro: 47964
Data envío: 26/01/2026 12:22:38.886

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:22:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:22:38
Nº Rexistro: 47964
Data envío: 26/01/2026 12:22:38.886

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

En que concellos se construíron vivendas públicas por parte da Xunta de Galicia e cantas corresponderon a cada concello por cada un dos anos entre os comprendidos entre 2009 e a actualidade?

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro de 2026

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:19
Por Carlos López Font

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:19
Por Aitor Bouza Manso



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/01/2026 12:19:37

Carlos López Font na data 26/01/2026 12:19:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:23:13
Nº Rexistro: 47966
Data envío: 26/01/2026 12:23:13.137

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:23:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:23:13
Nº Rexistro: 47966
Data envío: 26/01/2026 12:23:13.137

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Aitor Bouza Manso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

En cantos concellos galegos non se construíu ningunha vivenda pública por parte da Xunta de Galicia dende o ano 2009, e cales son eses concellos?

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:19
Por Carlos López Font

Santiago de Compostela, a 26 de xaneiro de 2026

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:19
Por Aitor Bouza Manso



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 26/01/2026 12:19:51

Carlos López Font na data 26/01/2026 12:19:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:23:51
Nº Rexistro: 47968
Data envío: 26/01/2026 12:23:51.253

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:23:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:23:51
Nº Rexistro: 47968
Data envío: 26/01/2026 12:23:51.253

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:33:38
Nº Rexistro: 47969
Data envío: 26/01/2026 12:33:38.037

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a aprobación do Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego aprobou no mes de febreiro de 2025 a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas (ORDE do 4 de outubro de 2024 pola que se aproba a Estratexia galega da Infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas).

A Estratexia Galega de Infraestrutura verde establece os seguintes elementos da infraestrutura verde: “En consonancia coa Estratexia da Unión Europea e a Estratexia Nacional de Infraestrutura Verde, así como coas características bioxeográficas e territoriais de Galiza, os elementos da Infraestrutura Verde establécense en 7 categorías. A escala rexional recoñécense: Áreas Núcleo, Corredores Ecolóxicos, Áreas de Amortecemento e Áreas Multifunionais. A escala subrexional e local, poderían engadirse as Áreas Pronucleares”.

O documento da Estratexia aprobado inclúe un apartado denominado “Programa de Accións” no que se recolle o seguinte compromiso:

“A concreción e desenvolvemento do programa de accións establecerase e adecuarase periodicamente durante o período de vixencia da Estratexia a través do **Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia**, no que se

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:33
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:33
Por Luis Bará Torres



incluíra un cronograma, criterios e indicadores para o seguimento e a avaliación, así como unha estimación de custos e fontes previsibles de financiamento.”

No apartado do programa de accións recóllense accións prioritarias e un cronograma e orzamento:

“Cronograma e estimación económica

6.1.- As accións contempladas no Plan de Seguimento e Implementación da Infraestrutura Verde de Galicia, deben incluír unha proxección temporal, así como unha estima de custos e de posibles fontes de financiamento.”

A estas alturas non se coñece nin o citado cronograma nin as consignacións orzamentarias para a implementación e seguimento da Estratexia. E os orzamentos da Xunta para 20026 non inclúen ningunha partida específica para este Plan.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta aprobar a curto prazo meses o Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas que detalle as actuacións prioritarias así como o cronograma e a estimación económica dos custos de cada unha?

Vai o goberno galego dotar unha partida económica nos orzamentos de 2026 para a posta en marcha do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas?

Ten previsto a Xunta presentar no parlamento un informe anual de avaliación do Plan de Seguimento e Implementación da Estratexia de Infraestrutura Verde e da conectividade e restauración ecolóxicas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 12:33:11

Montserrat Valcárcel Armesto na data 26/01/2026 12:33:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:33:38
Nº Rexistro: 47969
Data envío: 26/01/2026 12:33:38.037

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:33:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:33:38
Nº Rexistro: 47969
Data envío: 26/01/2026 12:33:38.037

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás medidas oportunas a tomar ante os graves e reiterados incumprimentos no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo de carácter público é un elemento fundamental á hora de vertebrar o noso país, cumprindo tamén unha labor social á hora de democratizar o acceso ao transporte e garantir que áreas con complicacións engadidas na súa comunicación, poidan tela.

Alén de este valor, o transporte público é de vital importancia á hora de facer máis sustentábel o desprazamento de persoas por estrada, polo que un bo servizo público de transporte axudará a reducir o número de vehículos persoais nas estradas e polo tanto as súas emisións.

Lonxe de dar un servizo que responda ás necesidades de mobilidade e vertebración do noso país, a Xunta de Galiza decidiu priorizar os intereses das grandes concesionarias do transporte público en detrimento dos usuarios e usuarias, dos traballadores e das traballadoras destas grandes concesión e das pequenas e medianas empresas do sector.

Estamos pois ante un servizo onde os incumprimentos por parte das grandes concesionarias son norma.

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:37
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:37
Por Luis Bará Torres



Se estudamos o proceso de deseño, adxudicación e execución do Plan de Transporte levado a cabo pola Xunta de Galiza nos últimos anos, podemos advertir un deseño totalmente desastroso no relativo aos diferentes proxectos de explotación das diferentes licitacións do servizo, así pois, nas propias ofertas das empresas concesionarias se advirte a baixa calidade destes proxectos, con moitas paradas mal localizadas ou percorridos, itinerarios e horarios irrealistas ou irrealizábeis. A todo isto debemos engadir a desastrosa planificación en termos de cálculos económicos que están a provocar o rescate de varios contratos nos últimos tempos.

Se pasamos á parte da adxudicación debemos facer referencia á utilización perversa das fórmulas de UTE utilizadas por algunhas grandes empresas concesionarias co fin de acaparar o mercado co consentimento da Xunta de Galiza, ou o xa tratado caso de colusión entre Alsa e Monbus co fin de repartirse o mercado.

Se falamos da fase de execución do Plan de Transporte debemos falar dos notábeis incumprimentos que tiveron e teñen lugar desde a posta en marcha dos novos contratos de transporte. Incumprimentos en horarios, itinerarios, número de vehículos, repetición de matrículas, falta de persoal condutor, irregularidades na acreditación de bases operativas e un incumprimento moi elevado dos quilómetros a realizar por parte das empresas marcados nos diferentes contratos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. É coñecedora a Xunta de Galiza das diferentes denuncias interpostas ante incumprimentos nos contratos licitados no servizo de transporte público de Galiza?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Está a velar a Xunta de Galiza polo cumprimento escrupuloso dos contratos licitados no servizo do transporte público de Galiza?

3. Cal é compromiso da Xunta de Galiza ante a vulneración dos dereitos de traballadores e usuarios no servizo de transporte público de Galiza?

4. Cal é o compromiso da Xunta de Galiza co papel social, democratizador e ambiental que debe cumprir o servizo de transporte público por estrada?

5. Que medidas ten pensado adoptar a Xunta de Galiza para investigar, inspeccionar e controlar que se cumpran escrupulosamente os contratos licitados e a legalidade vixente no servizo de transporte público de Galiza?

6. Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir un bo funcionamento do transporte público por estrada durante a época estival?

7. Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o cumprimento en termos de quilómetros efectuados polas diferentes empresas en relación aos obrigados por contrato?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 12:37:32

Paulo Ríos Santomé na data 26/01/2026 12:37:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:38:16
Nº Rexistro: 47971
Data envío: 26/01/2026 12:38:16.245

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:38:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:38:16
Nº Rexistro: 47971
Data envío: 26/01/2026 12:38:16.245

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación da Lagoa de Traba, en Laxe.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema lacunar de Traba, no concello de Laxe, consiste nunha lagoa costeira de auga doce encaixada tras un cordón dunar. Morfoloxicamente, formouse cando as achegas sedimentarias do río de Traba e do rego de Vao pecharon un entrante mariño, xerando un espazo de auga. O cordón dunar, elaborado ao longo dos últimos 5.000 anos pola acción combinada de temporais e vento, presenta tipoloxías propias de sistemas dunares activos, favorecendo a circulación de auga subterránea e intercambios salinos estacionais.

Desde o punto de vista medioambiental, o conxunto Lagoa–Dunas de Traba está declarado Espazo Natural Protexido e inscrito na Rede Natura 2000 como ZEPA e LIC, pola súa relevancia ornitolóxica: acolle anátidas, limícolas e especies migratorias pouco frecuentes nesta latitude, actuando como refuxio e punto de repouso. Ademais, alberga unha flora psamofítica e comunidades de halófitas que contribúen á estabilidade do cordón dunar, modulan procesos de erosión costeira e ofrecen servizos ecosistémicos cruciais á resiliencia fronte ao cambio climático. A súa riqueza a nivel ornitolóxico e vexetal é incuestionable, así como o valor patrimonial e a importancia nas actividades socioeconómicas desta parroquia do concello de Laxe.

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:45
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 26/01/2026 ás
12:45
Por Oscar Insua Lema





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Actualmente, o río de Traba e o rego de Vao que constitúen a afluencia fluvial á lagoa, presentan as súas ribeiras sen mantemento e do mesmo xeito o regato polo que a mesma lagoa desauga amosa un exceso de matogueira por sobrecrecemento vexetal.

Esta situación provoca unha serie de problemas a todo o entorno deste ecosistema. O primeiro é que a lagoa perde en biodiversidade ao non manter o réxime hidrolóxico natural debido á colonización vexetal descontrolada que estanca a auga de río e regatos do sistema lacunar. E o segundo, e non menos grave, é que as fincas colindantes á lagoa pasan a meirande parte do ano asolagadas constituíndo un grande problema para o cultivo e mantemento das mesmas, e un perigo para a veciñanza á hora de utilizar maquinaria agrícola permitida nas súas propiedades.

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia que cumpre a función pública do goberno do territorio para a organización racional e equilibrada da súa utilización e, en xeral, dos recursos naturais, fixa entre os seus obxectivos parciais a conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais, garantindo o mantemento das paisaxes, os medios ecolóxicos e os hábitats, así como a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética. E tamén, contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable dos diferentes tipos de hábitats naturais

Unha normativa que ademais introduce o concepto de desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co medio. Un uso que debe ser compatible co mantemento dos ecosistemas e non reducir a viabilidade dos outros recursos aos que se asociase, nin minugar as posibilidades de disfrute destes ás xeracións vindeiras. Integrando os obxectivos concretos de conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos protexidos que integran a Rede Natura 2000 en Galicia.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á vista do estado actual da Lagoa de Traba, é urxente e necesaria unha actuación por parte da administración competente, que non é outra que a Xunta de Galiza. O feito de non levar a cabo labores previas de conservación durante anos coaduxeron na degradación actual deste ecosistema único e na perda constante de biodiversidade. Unha actuación imprescindible que, ao tempo que recupere a lagoa, resolva o grave problema de asolagamentos que sofren as fincas circundantes, que condiciona, dificulta ou mesmo impide o cultivo e mantemento das mesmas. Realizar esas labores habituais supón, a día de hoxe, un perigo para a veciñanza cando emprega maquinaria agrícola permitida nas súas propiedades.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Coñece o Goberno galego o estado actual da Lagoa de Traba de Laxe?
- Considera que o seu estado actual é o mesmo que o de fai 10 anos?
- É coñecedor o Goberno galego da perda de diversidade da Lagoa?
- Se a resposta é afirmativa, cal considera que é o motivo desa perda de diversidade?
- Realizou o Goberno galego algunha actuación conservadora o/reparadora na Lagoa de Traba nos últimos anos? Se a resposta é afirmativa, cando? En que consistiu?
- Ten pensado o Goberno galego realizar algún tipo de actuación na Lagoa? Cando?
- En que consistiría esa actuación?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

-É coñecedor o Goberno galego do estado no que se atopan as fincas de cultivo que circundan a Lagoa?

-Considera o Goberno galego que os propietarios e propietarias desas fincas de cultivo poden explotar ou realizar labores de mantemento das súas fincas, en condicións de seguridade, ao longo do ano?

-Considera o Goberno galego que o feito que as fincas circundantes á Lagoa pasen a meirande parte do ano asolagadas, está relacionado coa falta de labores de mantemento e conservación na Lagoa de Traba?

-Ten pensado o Goberno galego levar a cabo algunha actuación que permita ás propietarias desas fincas traballalas con normalidade e en condicións de seguridade? -En que consistiría?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 26/01/2026 12:45:08

Luis Bará Torres na data 26/01/2026 12:45:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:45:44
Nº Rexistro: 47984
Data envío: 26/01/2026 12:45:44.975

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:


REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/01/2026 12:45:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2026 12:45:44
Nº Rexistro: 47984
Data envío: 26/01/2026 12:45:44.975

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-50cGqWX7U-9

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

